PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

DE

VIOLÍN

PROFESORA : NATALIA REY REY

CURSO 2026-2027

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN – 8

2. OBXECTIVOS E CONTIDOS XERAIS DAS ENSINANZAS MUSICAIS - 8

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS - 9

3.1 GRAO ELEMENTAL

3.2 GRAO PROFESIONAL

4. SECUENCIACIÓN 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL - 11

4.1. Obxectivos - 11

4.2. Contidos - 12

4.3. TEMPORALIZACIÓN - 12

4.4. Avaliación - 13

4.4.1. Criterios de Avaliación - 13

4.4.2. Mínimos esixibles - 14

4.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación - 14

4.4.4. Criterios de cualificación - 15

4.5. Medidas de recuperación - 15

4.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios - 16

4.5.2. Procedementos de avaliación en casos nos que a aval. contínua non é posible - 16

4.6. Recursos didácticos - 17

5. SECUENCIACIÓN DO 2º CURSO DO GRAO ELEMENTAL - 19

5.1. Obxectivos - 19

5.2. Contidos - 19

5.3. TEMPORALIZACIÓN - 20

5.4. Avaliación - 20

5.4.1. Criterios de Avaliación - 20

5.4.2. Mínimos esixibles - 21

5.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación - 22

5.4.4. Criterios de cualificación - 22

5.5. Medidas de recuperación - 22

5.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios - 23

5.5.2. Procedementos de avaliación en casos nos que a aval. contínua non é posible - 23

5.6. Recursos didácticos - 24

6. SECUENCIACIÓN DO 3º CURSO DO GRAO ELEMENTAL - 26
6.1. Obxectivos - 26
6.2. Contidos - 26
6.3. TEMPORALIZACIÓN - 27
6.4. Avaliación - 28
6.4.1. Criterios de Avaliación - 28
6.4.2. Mínimos esixibles - 28
6.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación - 29
6.4.4. Criterios de cualificación - 29
6.5. Medidas de recuperación - 29
6.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios - 30
6.5.2. Procedementos de avaliación en casos nos que a aval. contínua non é posible - 30
6.6. Recursos didácticos - 31
7. SECUENCIACIÓN DO 4º CURSO DO GRAO ELEMENTAL - 33
7.1. Obxectivos - 33
7.2. Contidos - 33
7.3. TEMPORALIZACIÓN - 34
7.4. Avaliación - 34
7.4.1. Criterios de Avaliación - 34
7.4.2. Mínimos esixibles - 35
7.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación - 35
7.4.4. Criterios de cualificación - 36
7.5. Medidas de recuperación – 36
7.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios - 36
7.5.2. Procedementos de avaliación en casos nos que a aval. contínua non é posible - 37
7.6. Recursos didácticos - 38
PROBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL - 40
8. SECUENCIACIÓN DO 1º CURSO DO GRAO PROFESIONAL - 41
8.1. Obxectivos - 41
8.2. Contidos - 41
8.3. TEMPORALIZACIÓN - 42
8.4. Avaliación – 42
8.4.1. Criterios de Avaliación - 42
8.4.2. Mínimos esixibles - 44
8.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación - 44

8.4.4. Criterios de cualificación - 45
8.5. Medidas de recuperación - 46
8.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios - 46
8.5.2. Procedementos de avaliación en casos nos que a aval. contínua non é posible - 46
8.6. Recursos didácticos - 47
9. SECUENCIACIÓN DO 2º CURSO DO GRAO PROFESIONAL - 49
9.1. Obxectivos - 49
9.2. Contidos - 49
9.3. TEMPORALIZACIÓN - 50
9.4. Avaliación - 50
9.4.1. Criterios de Avaliación - 50
9.4.2. Mínimos esixibles - 51
9.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación - 52
9.4.4. Criterios de cualificación - 52
9.5. Medidas de recuperación - 53
9.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios - 53
9.5.2. Procedementos de avaliación en casos nos que a av. contínua non é posible - 53
9.6. Recursos didácticos - 54
10. SECUENCIACIÓN DO 3º CURSO DO GRAO PROFESIONAL - 57
10.1. Obxectivos - 57
10.2. Contidos - 57
10.3. TEMPORALIZACIÓN - 58
10.4. Avaliación – 58
10.4.1. Criterios de Avaliación - 58
10.4.2. Mínimos esixibles - 59
10.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación - 60
10.4.4. Criterios de cualificación - 60
10.5. Medidas de recuperación - 61
10.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios - 61
10.5.2. Procedementos de avaliación en casos nos que a aval. contínua non é posible - 61
10.6. Recursos didácticos - 62
11. SECUENCIACIÓN DO 4º CURSO DO GRAO PROFESIONAL - 65
11.1. Obxectivos - 65
11.2. Contidos - 65

11.3. TEMPORALIZACIÓN - 66
11.4. Avaliación - 66
11.4.1. Criterios de Avaliación - 66
11.4.2. Mínimos esixibles - 67
11.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación - 67
11.4.4. Criterios de cualificación - 68
11.5. Medidas de recuperación - 69
11.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios - 69
11.5.2. Procedementos de avaliación en casos nos que a aval. contínua non é posible - 69
11.6. Recursos didácticos - 70
12. SECUENCIACIÓN DO 5º CURSO DO GRAO PROFESIONAL - 73
12.1. Obxectivos - 73
12.2. Contidos - 73
12.3. TEMPORALIZACIÓN - 74
12.4. Avaliación - 75
12.4.1. Criterios de Avaliación - 75
12.4.2. Mínimos esixibles - 75
12.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación - 76
12.4.4. Criterios de cualificación - 76
12.5. Medidas de recuperación - 77
12.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios - 77
12.5.2. Procedementos de avaliación en casos nos que a aval. contínua non é posible - 77
12.6. Recursos didácticos - 78
13. SECUENCIACIÓN DO 6º CURSO DO GRAO PROFESIONAL - 81
13.1. Obxectivos - 81
13.2. Contidos - 82
13.3. TEMPORALIZACIÓN - 82
13.4. Avaliación - 83
13.4.1. Criterios de Avaliación - 83
13.4.2. Mínimos esixibles - 84
13.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación - 84
13.4.4. Criterios de cualificación - 85

13.5. Medidas de recuperación - 85

13.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios - 86

13.5.2. Procedementos de avaliación en casos nos que a aval. contínua non é posible - 86

13.6. Recursos didácticos - 87

14. PREMIOS DE FIN DE GRAO PROFESIONAL - 90

14.1. Criterios de avaliación do premio de fin de Grao Profesional - 90

15. Metodoloxía - 91

16. Atención á diversidade - 91

16.1. Atención ó alumnado con rasgos de diversidade .Tipoloxía xenérica - 92

17. Temas transversais - 95

17.1. Educación en valores - 95

18. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s) - 96

19. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas - 97

20. PROBAS DE ACCESO - 99

PROBAS DE ACCESO NO GRAO ELEMENTAL - 99

PROBAS DE ACCESO NO GRAO PROFESIONAL – 100

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA - 101

ANEXOS - RÚBRICAS 102

1. INTRODUCIÓN

A presente programación pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de violín que conforman tanto os catro cursos do grao elemental como os seis do grao profesional das ensinanzas de música no Conservatorio. Debe ser entendida como unha guía, unha orientación e un modelo a seguir que respecte a normativa vixente, que pretende avanzar cara a unha estrutura máis aberta e flexible, perseguindo un ensino integrador e proporcionando ao alumnado as ferramentas que lle permitan desenvolver ao máximo o seu potencial como futuros intérpretes. Ao mesmo tempo debe prestar especial atención á diversidade do alumnado e permitir ó profesorado aplicar a súa metodoloxía respectando tanto a liberdade de cátedra de cada profesor/a como o dereito do alumnado a acadar o máximo nivel artístico posible baseado no esforzo persoal e no desenvolvemento da súa capacidade de expresión.

2. OBXETIVOS E CONTIDOS XERAIS DAS ENSINANZAS MUSICAIS:

Nas **ensinanzas elementais**, a clase individual de violín terá como obxectivo contribuir a desarrollar no alumnado as seguintes capacidades:

- Apreciar a linguaxe da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural.
- Coñecer as diferentes partes do intrumento e do arco e adquirir as técnicas básicas para o coidado e o mantemento do violín.
- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza do mesmo xeito o manexo do arco e a actividade da man esquerda, así coma a coordinación de ámbalas duas mans, de igual xeito, valorar a respiración e o control do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro do nivel que corresponda, tanto individualmente coma en conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva, musical e estética que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento contínuo da calidade sonora, así como poder interpretar música dos diferentes estilos e épocas.
- Interpretar en público coa suficiente seguridade en sí mesmo/a e comunicar mediante a música.
- Desenrrolar a sensibilidade auditiva coma parte indispensable para conseguir un son de calidade, e ter a capacidade de ser crítico consigo mesmo/a.
- Iniciación á comprensión das estructuras musicais.
- Selección progresiva en canto a grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenrrolo conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Fomentar a escoita activa como base na formación musical.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical xeral, e do galego en particular, como medio para o enriquecemento da persoa e da formación musical en xeral.

Nas **ensinanzas profesionais** de música, o obxectivo é o de contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e valores cívicos do sistema eductivo, además das seguintes:

- Habituarse a escoitar música e establecer un concepto propio que permita fundamentar os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte para o enriquecemento persoal.
- Participar nas actividades musicais e culturais que fagan vivir a experiencia de transmitir e gozar coa propia música.
- Ser consciente da escoita activa como base para a formación musical e coñecer e valorar o patrimonio musical e cultural xeral, e o galego en particular, para o propio enriquecemento da persoa e da formación musical.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

3.1. GRAO ELEMENTAL:

Segundo o establecido no Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se estabece a ordenación do Grao Elemental das ensinanzas de réxime especial de música, os obxectivos do Grao Elemental de violín son:

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e da actividade da man esquerda, así coma a coordinación dos dous brazos.
- Coñecer as características e as posibilidades do instrumento e sabelas empregar, tanto individual coma colectivamente.
- Demostrar sensibilidade auditiva que permita o control da afinación e da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico con obras de diferentes épocas e estilos coa dificultade acorde ó nivel.

3.2. GRAO PROFESIONAL:

Segundo o establecido no Decreto 2013/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, o Grao Profesional de violín terá como obxectivo contribuir a desenvolver as seguintes capacidades:

- Aplicar cunha autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa intrepretación: dixitación, articulacións, fraseo, etc…

- Coñecer as diversas convecións interpretativas vixentes nos distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

- Adquirir e aplicar progresivamente as ferramentas e competencias para o desenrolo da memoria.

- Desenvolver as capacidades de ler a 1ª vista e aplicar con autonomía os coñecementos musicais para a improvisación instrumental.

- Practicar a música en conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeño de papeis solísticos e orquestrales en obras de dificultade adecuada ó nivel.

- Interpretar un repertorio con obras representativas das diferentes épocas e estilos coa dificultade propia do nivel.

A TER EN CONTA EN TODOS OS CURSOS:

A avaliación será contínua durante todo o curso. O procedemento de avaliación contínua realizarase nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumnado, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluirá neste proceso as audicións, concertos, e probas específicas que teñan lugar durante o curso.

O profesorado reunirase unha vez cada avaliación para escoitar ao alumnado, para valorar os seus avances durante o curso e facer a súa avaliación con respeto ó programa exisido. Así pódese ver como vai o desenrolo do alumnado en xeral en todos os cursos aínda que a decisión da nota é decidida polo/a titor/a do alumnado.

O alumnado ten que facer con obrigatoriedade audicións públicas que deberán formar parte do desenrolo musical.

Ó final do curso o alumnado deberá presentar só a programación da terceira avaliación en caso de levar ata dita data as avaliacións positivas e superadas. Os alumnos/as avaliados/as negativamente, (ben sexa pola perda da avaliación contínua ó non superar alguna avaliación, ou por motivos de asistencia, e que o profesor/a considere necesario para unha avaliación máis completa), deberán presentar unha programación que constará dun mínimo dun estudo, e tres obras determinadas polo profesor/a.

4. SECUENCIACIÓN DO 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

Ao tratarse do primeiro contacto do alumno/a co instrumento, este curso ten un carácter preparatorio.

O principal obxetivo do curso é preparar ó alumno/a tanto física coma psicolóxicamente para a asimilación dos principios técnicos do violín.

4.1. Obxectivos:

- Posición do violín. Fundamentos do equilibrio.
- Toma do arco. Fundamentos da condución do arco e do son. Movementos básicos: detaché e martellé.
- Distinguir (tocando e escoitando) a boa proxección do son da mala, primeiro traballando con pizzicatos (fixándose na vibración das cordas) e despois co arco. Sensibilizarse dende o principio coa calidade do son.
- Divisións elementais do arco: unidades, terzos, arco enteiro. Notas ligadas.
- Colocación da man esquerda. Fundamentos.
- Coñecer as escalas de SOLM, LAM, REM en unha oitava e SOLM en dúas.
- Interpretación de pequeñas pezas cos movementos básicos do arco.
- Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover a man ó longo do diapasón con liberdade como exercicio preparatorio ós futuros cambios de posición.
- Tocar en grupo: capacidade de escoitarse e de respectarse uns a outros.
- Coñecer as unidades elementais do violín e o arco e a súa morfoloxía.
- Coñecer normas de protocolo nas actuacións en público, o saúdo e a posición de espera ou descanso.
- Coñecer os principios básicos do estudo diario.

4.2. Contidos:

- Coñecemento do instrumento e as súas partes e coidados. Posición do violín. Equilibrio.
- Traballo de pizzicatos: postura correcta da man para unha boa proxección do son e unha técnica correcta de pizz.
- Toma do arco, conducción e reparto. Movementos básicos en martellé, detaché e staccato.
- División elementais do arco en metades, tercios, etc… Ligaduras.
- Colocación e fundamentos da man esquerda.
- Escalas e arpexios en 1 e 2 oitavas, SOLM, LAM, REM en unha oitava e SOLM en dúas.
- Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos.
- Ritmos variados para traballar os principios básicos do arco: movementos de antebrazo, arco recto, punto de contacto, velocidade de arco, distribución (estar nunha zona determinada do arco); a coordinación e o propio desenvolvemento da rítmica e o sentido do pulso, tanto en individual coma en conxunto.
- Estudo diario na casa.

4.3. TEMPORALIZACIÓN:

1ª avaliación:
O violín e as súas partes, o seu coidado. Colocación do violín e toma do arco.
Introducción á colocación da man esquerda e preparación para as escalas e arpexos nunha oitava: Re M, La M, … en pizzicato.
Como estudar: principios básicos do aproveitamento do estudo.
Interpretación de algunhas pezas, en pizzicato e con arco (centro) (1 escala, 2 estudos e 1 obra).

2ª avaliación:
Divisións elementais do arco: metades, terzos, arco enteiro.
Escalas e arpexos nunha oitava , Sol M, Re M, La M…
Interpretación de pequeñas pezas nas tonalidades citadas, preferiblemente de memoria.

3ª avaliación:
Como tocar en grupo: capacidade de escoitarse e de respectarse uns a outros.
Fundamentos da conducción do arco e do son en movementos básicos: detaché e martelé.
Escalas e arpexos cos golpes de arco básicos. Lectura a primeira vista.
Preparación de exercicios para estudar no verán cunha planificación clara para que o alumnado adquira bos hábitos de estudo.
Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Preferiblemente de memoria.

4.4. Avaliación:
Aspectos xerais: a avaliación será contínua e global. Avaliaranse non só conceptos (neste caso "cómo se toca") senón tamén procedementos ("cómo se estuda") e actitudes (intereses, motivación e modo en que o alumnado se achega á música).

4.4.1. Criterios de avaliación:

Os criterios xerais de avaliación son os seguintes para todo o grao elemental:

Traballo persoal diario: A observación sistemática clase a clase é o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumnado. As conclusións serán recollidas no caderno de aula.

Caderno de actividades do alumnado: A información recollida polo alumnado ou a nai/ pai observador tamén é un procedemento directo de comprobalo grao de comprensión e captación dos coñecementos por parte do alumnado e preparación da práctica na casa.

Traballos en grupo: Traballo en cooperación cos outros/as: acepta e ofrece apoio. Respecto cara as ideas dos/as demais. Desenvolvemento do traballo na clase colectiva e co/a pianista acompañante.

Actitudes cara a materia e o traballo en grupo: Curiosidade e creatividade. Constancia e flexibilidade. Reflexión sobre as súas ideas e actuacións, revisando e analizando e explicando.

Probas prácticas co profesorado de corda: Ademáis de valoralos coñecementos do alumnado, axuda a comprobar como se desenvolve o alumnado nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal.

No caso concreto do ensino do violín, a observación e audición directa serán os elementos fundamentais do proceso avaliador. A análise do traballo realizado polo alumnado, o seu progreso, o seu sistema de estudo e aproveitamento, o seu interese, revelará a eficacia tanto do seu traballo como o do profesorado.

Criterios de avaliación específicos do 1º curso do Grao Elemental:

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- Ter unha postura correcta do violín e do arco, mantendo unha posición equilibrada do corpo fronte ó instrumento, libre de tensións, que favoreza os movementos de coordinación entre ambos brazos e lle permita tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
- Asimilar conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (Suxeición, condución e golpes de arco), como da man esquerda (articulación)
- Distribuír axeitadamente o arco en metades (metade superior e metade inferior), centro e todo o arco, realizando diferentes ritmos en cordas ó aire e escalas dunha oitava.
- Combinar adecuadamente as arcadas detaché e legato.
- Tocar cos golpes de arco detaché, martellé, legato e staccato unha peza sinxela do programa do curso ou unha escala.
- Tocar as pezas do curso, con boa afinación, distribución do arco, homoxeneidade do son, e fraseo correctos.
- Interpretar fragmentos ou pezas curtas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria.
- Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo.

4.4.2. Mínimos esixibles:

1ª avaliación:
Correcta colocación do instrumento e do arco. Interpretación en pizzicado e en cordas ao aire de ritmos básicos aplicando correctamente detaché e martelé. Escala con golpes de arco básicos (detaché e martelé). Tres pezas das cales unha debe ser interpretada de memoria. Un estudo.

2ª avaliación:
Correcta colocación do instrumento e do arco. Interpretación en cordas ao aire e ritmos básicos aplicando correctamente detaché e martelé. Escala e arpexos con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché e martelé). Tres pezas das cales unha debe ser interpretada de memoria. Un estudo.

3ª avaliación:
Correcta colocación do instrumento e do arco. Interpretación en cordas ao aire e de ritmos aplicando correctamente detaché e martelé. Escala e arpexos en 2 oitavas con diferentes combinacións de golpes de arco (detaché, martelé e legato). Tres pezas das cales unha debe ser interpretada de memoria. Un estudo.

4.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Conceptos xerais:
O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionalos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo.

No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas, a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno/a. A avaliación será continua durante todo o curso. Ó termino do grao elemental o alumnado que desexe acceder ao grao profesional deberá realizar unha proba perante un tribunal que xulgue a capacidade do alumnado para o acceso a dito grao.

O procedemento de avaliación contínua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumnado, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluirá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso.

O mesmo profesorado tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos/as, e o seu grao de motivación.

4.4.4. Criterios de cualificación:

Valoraranse as seguintes cuestións:

Control da posición do instrumento.
Control da afinación.
Control do son e das dinámicas.
Control do ritmo.
Control dos golpes de arco básicos.
Control da memoria.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Traballo na casa e na aula 20%
Memoria 10%

Na ponderación a nota final, será unha media aritmética das tres avaliacións (convocatoria ordinaria).

4.5. Medidas de recuperación:
Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno/a.

2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos do alumnado con problemas concretos.

3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual en caso de ser posible, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da práctica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

4.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios:

Tratándose de ensino con avialiación contínua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

4.5.2. Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación contínua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesorado da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito contínuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumnado será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación contínua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/ obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para o curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Para superar as probas de cada curso, o alumnado deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesorado trala avaliación ordinaria.

4.6. Recursos didácticos:

Técnica:

- Sistema de escalas e arpexios, Armando Toledo
- Sistema de escalas, Grigorian
- Scale-studies (nunha 8ª, 1ª posición), Hrimaly
- Sistema de escalas da Associated Board of the Royal Schools of Music
- Outros de similar dificultade …

Métodos e estudos:

- Método de iniciación para grupos de 7 a 10 años, L.Spiller
- All for strings, G. Anderson e R. Frost
- O violin teórico e práctico, vol I , Crickboom
- Superstudies, vol I, Mary Cohen
- Método de violín, Rounds for violin, E. Cohen
- Mèthode du violon I, Sándor, Járdànyi, Sverzànsky
- O violín, iniciación, E. Mateu
- Le petit paganini vol I, Van de Velde
- Violin playtime studies, vol I, De Kayser
- El joven violinista, vol I, J.Claudio
- The beggining Vol. 1 , Doflein
- String Builder , Vol 1, Applebaum
- Novo método de iniciación violín para grupos de 7-10 anos, L. Spiller

Outros de similar dificultade…

Pezas:

- Sttepping Stones, Waghon Wheels, Colledge
- Violin school, vol I , Suzuky
- Violin music para principiantes, Lenkei (edition musica)
- Álbum pieces (1 a 4), Kavalewsky
- Álbum of twelve easy pieces, Pracht
- Chants et Morceaux, vol I , Crickboom
- Six very easy pieces for violin , E.Elgar
- Old music for violin , Brodsky

- Solos for young violinists, vol I , Barber (ed: summy birchard)
- Colección de piezas de grado I , Royal schools of music
- Piece by Piece 1, Tetratunes, Right from the start, Two in one, Pares, Tunes you know 1, Threes, Fours, etc., Nelson S.
- Violin Rascals, Duettini, Sonatini, Szilvay, G
- Little suite, nº1 e 2 , P.Martin
- Concertino en Sol M, op 11 , Kuchler
- Concertino, 1º mov., Jan Faust
- Pezas do folclore popular galego axeitadas ó nivel nas tonalidades de Sol M, Re M e La M.
- Outras pezas de similar dificultade... Este listado é orientativo. O profesorado poderá empregar outro repertorio de nivel similar que considere axeitado.

5. SECUENCIACIÓN DO 2º DO GRAO ELEMENTAL

5. 1. Obxectivos:

- Asimilar os principios básicos da colocación do violín e do arco.
- Conseguir equilibrio corporal co instrumento.
- Distribución correcta do arco. Realización de cambios de corda con fluidez.
- Ampliar o rexistro a 2 oitavas nas escalas básicas e comezar o estudo das escalas menores sinxelas, perfeccionando a sonoridade e a afinación.
- Coñecer o detaché, legato, martellé e staccato.
- Tocar pezas con algo máis de dificultade buscando maior sonoridade.
- Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover a man ó longo do diapasón con liberdade como exercicio preparatorio ós futuros cambios de posición
- Tocar en grupo con obras axeitadas ó nivel.
- Coñecer normas de protocolo en actuacións en público, saúdos e posición de espera ou descanso.
- Iniciar a aprendizaxe dos recursos para a improvisación e a lectura a primeira vista.
- Coñecer os principios básicos do estudo diario.

5. 2. Contidos:

- Coñecemento do instrumento e as súas partes.
- Posición do violín correcta e bo agarre do arco. Equilibrio postural.
- Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. O ritmo e a sincronización das dúas mans.
- Arco, conducción e reparto. Movementos básicos en detaché, legato, martellé e staccato. Reparto correcto do arco. Realización correcta de cambios de corda.
- Ritmos variados para traballar os principios básicos do arco: movementos de antebrazo, arco recto, punto de contacto, velocidade de arco, distribución (estar nunha zona determinada do arco); a coordinación e o propio desenvolvemento da rítmica e o sentido do pulso, tanto en individual coma en conxunto nas colectivas.
- Escalas de Sol M, LaM, SibM, Lam, en dúas oitavas e DoM, Solm e Rem nunha oitava cos seus arpexos. Exercicios de dobres cordas sinxelos, con cordas ó aire ou con só un dedo pisado.
- Control permanente da afinación. Escoita interna.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras do repertorio.
- Lectura a 1ª vista.

- O estudo diario na casa. Organización.

5.3. TEMPORALIZACIÓN:

1ª avaliación:
Cómo estudar: a organización do traballo na casa.
Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas.
Escalas de DoM, Solm e Rem nunha oitava cos seus arpexios.
Ritmo e sincronización das dúas mans.
Interpretación de algunhas pezas/estudos (1 escala, 3 estudos ou 2 estudos e 1 obra).
Lectura a 1ª vista.

2ª avaliación:
Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. Cómo estudar. Organización do traballo na casa.
Escalas de SolM, LaM, SibM e Lam, en dúas oitavas.
Interpretación de algunhas pezas/estudos (1 escala, 2 estudos e 1 obra).
Lectura a 1ª vista.

3 ª avaliación:
Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e coa afinación, ritmo e calidade de son correctos.
Reforzamento da técnica básica por medio da práctica en grupo.
Escalas de dúas oitavas. Interpretación de algunhas pezas/estudos (1 escala, 3 obras).

5.4. Avaliación:

Os aspectos xerais da avaliación coinciden cos do 1º curso do grao elemental.

5.4.1. Criterios de avaliación:

Os criterios de avaliación son os mesmos que no 1º curso do grao elemental.

Criterios de avaliación específicos do 2º curso do Grao Elemental:

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco: as súas partes e o seu mantemento.
- Mellorar a posición axeitada do instrumento que lle permita tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
- Distribuír axeitadamente o arco en metades, terzos e arco enteiro, combinado co ligado de dúas, tres ou mais notas. Empregar con solvencia as arcadas básicas do detaché en distintas seccións do arco e legato.
- Tocar correctamente un staccato lento pero enérxico, ata catro notas, distribuíndo ben o arco en cordas ó aire e en escalas.
- Asimilar conceptos técnicos, tanto do brazo dereito: suxeción, condución e golpes de arco á corda; como de man esquerda: articulación.
- Tocar cunha correcta afinación, son axeitado e con dominio do ritmo. Tocar diferentes ritmos, distribuíndo correctamente o arco en cordas ó aire.
- Interpretar fragmentos de estudos ou pezas utilizando matices e dinámicas elementais, así como os elementos básicos do fraseo.
- Tocar as escalas de SolM, LaM , Lam e SibM (en dúas oitavas), DoM, Rem e Solm (nunha oitava), cos seus correspondentes arpexos, con distintos golpes de arco e ritmos.
- Memorizar parte do repertorio e interpretar pezas de memoria en público. Amosar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos.

- Comportamento na clase, asistencia, e interese na materia. Amosar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo.

5.4.2. Minimos exisibles:

- Tres escalas mínimo, 5 estudos, 4 obras, unha delas un concerto.
- Unha audición pública como mínimo.
- Tres audicións co profesorado.

1ª avaliación:
Correcta colocación do instrumento e do arco. Escalas e arpexios con diferentes golpes de arco. Interpretación de algunhas pezas/estudos (1 escala, 3 estudos ou 2 estudos e 1 obra) unha das cales debe ser interpretada de memoria. Audición técnica co profesorado da especialidade.

2ª avaliación:
Correcta colocación do instrumento e do arco. Escalas e arpexios con diferentes golpes de arco. Interpretación de algunhas pezas/estudos (1 escala, 2 estudos e 1 obra) unha delas deberá ser interpretada de memoria. Audición técnica co profesorado da especialidade.

3ª avaliación:
Correcta colocación do instrumento e do arco. Escalas e arpexios con diferentes golpes de arco. Interpretación de algunhas pezas/estudos (1 escala e 3 obras) unha delas deberá ser interpretada de memoria. Audición técnica co profesorado da especialidade.

5.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Os procedementos e ferramentas de avaliación son os mesmos ca no 1º curso do grao elemental.

5.4.4. Criterios de cualificación:

Valoraranse as seguintes cuestións:
Control da posición do instrumento.
Control da afinación.
Control do son e das dinámicas.
Control do ritmo.
Control dos golpes de arco básicos.
Control da memoria.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Traballo na casa e na aula 20%
Memoria 10%

Na ponderación a nota final, será unha media aritmética das tres avaliacións (convocatoria ordinaria).

5.5. Medidas de recuperación:

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno/a.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos do alumnado con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual en caso de ser posible, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da práctica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

5.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios:

Tratándose de ensino con avialiación contínua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

5.5.2. Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación contínua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesorado da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito contínuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumnado será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación contínua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/ obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Para superar as probas de cada curso, o alumnado deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesorado trala avaliación ordinaria.

5.6. Recursos didácticos:

Técnica:

- Sistema de escalas e arpexios, Armando Toledo
- Sistema de escalas, Grigorian
- Estudios e escalas , Hrimaly
- Sistema de escalas da Associeted Board of the Royal Schools of Music.
- Outros similares…

Métodos e Estudos:

- The beginning, vol.I , EDoflein (Ed:Schott)
- Superstudies, vol II , Mary Cohen
- All for strings, vol II , Anderson and Frost
- Mèthode du Violon II, Sàndor, Járdànyi, Sverzànsky
- Le petit paganini vol I e II , Van de Velde
- Violin playtime studies, vol II , P.de Kayser
- El joven violinista, vol II , J.Claudio-A. Tores
- 50 estudos melódicos, op 22 , Curci
- Estudos en 1ª posición , Sitt
- String Builder , Applebaum
- El violín teórico y práctico, M.Crikboom
- La técnica del violín, vol.I, M.Crikboom
- Método de violín, E.Cohen
- Métodos de violín, P.Roland e Sheila Nelson
- Violin ABC (C, D), G. Szilvay
- Outros estudos de similar dificultade…

Pezas:

- Violin school, vol I e II, Suzuky
- Violin music para principiantes , G.Lenkei (ed: musica)
- Álbum pieces for 1 and 2 violins , Kavalewsky
- Album of easy pieces op 14 , Pracht
- Sólos for strings players, vol I , Barber
- Chants et Morceaux, vol I , Crickboom

- Duos do 1 ó 14, vol I , Bartok
- New tunes for strings vol II , Stanley Fletcher
- Superpieces vol II , Mary Cohen
- Old masters for young players , Alfred Moffat
- J.S.Bach, 10 Little clasics , C.Seely Brown
- El pequeño Paganini , Bornemann
- Concertino en Si m, op 35 / RE M, op 36, Rieding
- Concertino op 13, L.Portnoff
- Concertino op 47 / op 81 , L.J.Beer
- Concertino en Sol M , Mokry
- Coleccións de pezas da Editorial Moscova, e da Royal Academy de Londres para este grao.
- Outras pezas de similar dificultade…

6. SECUENCIACIÓN DO 3º DO GRAO ELEMENTAL

6.1. Obxectivos

- Adoptar unha postura adecuada en relación ó instrumento que permita ó alumnado o dominio e equilibrio co mésmo.

- Manexo do arco con naturalidade. Perfeccionamento dos golpes de arco xa coñecidos e inicio da aproximación do arco cara o talón por medio da recuperación do arco. Introdución o estudo do spiccato por medio de estudos preparatorios en cordas ó aire. Emprego de arcos abaixo lentos e arriba rápidos, así como do "arco de Viotti". Perfeccionamento do detaché, martellé e staccato. Distribución correcta do arco.

- Iniciación ós cambios de posición da man esquerda. Aprender a realizar cambios ás 1ª, 2ª e 3ª posición, con flexibilidade e seguridade.

- Iniciarse nos movementos introdutorios á realización do vibrato.

- Tocar pezas con algo máis de dificultade buscando maior sonoridade e afinación. Acadar maior desenvolvemento da memoria.

- Tocar escalas en dúas oitavas en 1ª posición e con cambios a 2ª e 3ª.

- Coñecer normas de protocolo en actuacións en público, saúdos e posición de espera ou descanso. Tocar en grupo.

- Coñecer as fomas básicas das pezas que interpreta o alumnado.

- Aplicar uns bos hábitos de estudo.

- Lectura a 1ª vista axeitada ó nivel.

6.2. Contidos:

- Desenvolvemento da técnica básica do arco. Perfeccionamento dos golpes de arco: detaché, legato, martellé, stacato lento e portato, coas súas combinacións. Introdución ó estudo do spiccato. Iniciación ao uso das dobres cordas.

- Ritmos variados para traballar os principios básicos do arco: movementos de antebrazo, arco recto, punto de contacto, velocidade de arco, distribución (estar nunha zona determinada do arco); a coordinación e o propio desenvolvemento da rítmica e o sentido do pulso, tanto en individual coma en conxunto nas colectivas.

- Axilidade e aumento da velocidade progresivamente da man esquerda. Iniciación ós cambios de posicións. Iniciación ó vibrato.

- Escalas en dúas oitavas en 1ª posición e Sol M, Re M, Do M nunha oitava en 3ª posición e Si b M, Fa M, e Do M en 2ª posición nunha oitava. Escala de Re M en dúas oitavas con cambios a terceira posición.

- As formas básicas dos movementos de danza: Gavotte, Minuet, etc.

- Acadar maior expresividade interpretativa.

- Cambios de posicións e introducción ao vibrato.

- Tocar en grupo.

- Lectura a 1ª vista.

- O estudo diario na casa. Técnicas de traballo, tenacidade, e comprensión.

6.3. TEMPORALIZACIÓN:

1ª avaliación:
- Desenvolvemento da técnica básica do arco. Perfeccionamento dos golpes de arco: detaché, legato, martelé e sttacato.
- Aumento progresivo da velocidade da man esquerda.
- Cambios de posición e iniciación ó vibrato.
- Escalas en dúas oitavas en 1ª posición e Sol M, Re M, Do M e nunha oitava en 3ª posición.
- Interpretación de algunhas pezas e estudos (1 escala, 3 estudos, ou 2 estudos e unha peza).

2ª avaliación:
- Escalas en unha oitava e dúas oitavas en 3ª posición.
- Perfeccionamento dos golpes de arco: detaché, legato, martelé, sttacato coas súas combinacións.
- Lectura a 1ª vista. Obras e estudos axeitados ó nivel con uso expresivo dos matices (1 escala, 2 estudos e 1 obra).

3ª avaliación:
- Escalas de Do M en 2ª posición nunha oitava. Escala de Re M en dúas oitavas con cambios a 3ª posición. Formas básicas dos movementos de danza: Gavotte, Minuet, etc. Lectura a 1ª vista.
- Introducción o estudo do spiccato por medio de estudos preparatorios en cordas ó aire. Emprego de arcos abaixo lentos e arriba rápidos, así como do arco de Viotti .
- Obras e estudos axeitados ó nivel con uso expresivo dos matices (1 escala con cambios, 3 obras).

6.4. Avaliación:

Os aspectos xerais da avaliación coinciden cos do 1º curso do grao elemental.

6.4.1. Criterios de avaliación:

Os criterios de avaliación son os mesmos ca no 1º curso do grao elemental.

Criterios de avaliación específicos do 3º curso do Grao Elemental:

- Tocar unha escala das establecidas para o curso con diferentes ritmos e golpes de arco, tanto en posicións fixas como con cambios de posición cunha correcta distribución e toma do arco, así como con correcta articulación dos dedos da man esquerda, sonoridade e afinación.
- Tocar un estudo do programa con diferentes golpes de arco e ligaduras.
- Facer un cambio de posición á 2ª e á 3ª posición na súa modalidade mais básica (1-1, 2-2, 3-3, 4-4) mediante cordas ó aire, e de dedo 2 a dedo 1 (por exemplo, no violín de Do a Re en 2ª corda) en tódalas cordas. Interpretación de melodías en 3ª e 2ª posición fixa.

- Tocar as pezas do programa e os estudos con boa afinación, son e memoria, realizando os matices correctamente. Comprender a estrutura formal das pezas interpretadas polo alumnado.
- Amosar capacidade de aprendizaxe progresiva.

6.4.2. Mínimos exisibles:

Tres escalas mínimo, 5 estudos, 4 obras, unha delas un concerto.
Unha audición pública como mínimo.
Tres audicións técnicas co profesorado.
Unha audición pública.

1ª avaliación:
Unha escala (en 3ª posición).
Tres estudos, ou 2 estudos e unha peza. Unha delas de memoria.
Unha audición técnica co profesorado de corda.

2ª avaliación:
Unha escala con cambios de posicións.
Dous estudos e unha peza. Unha delas de memoria.
Audición técnica co profesorado de corda.

3ª avaliación:
Unha escala con cambios de posición.
Un estudo e 2 pezas ou 3 pezas, unha delas ten que ser un concerto.
Unha das pezas terá que ser interpretada de memoria.
Unha audición técnica co profesorado de corda.

6.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Son os establecidos no 1º curso do grao elemental de dita programación.

6.4.4. Criterios de cualificación:

Valoraranse as seguintes cuestións:

Control da posición do instrumento.
Control da afinación.
Control do son e das dinámicas.
Control do ritmo.
Control dos golpes de arco básicos.
Control da memoria.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Traballo na casa e na aula 20%
Memoria 10%

Na ponderación a nota final, será unha media aritmética das tres avaliacións (convocatoria ordinaria).

6.5. Medidas de recuperación:

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno/a.

2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos do alumnado con problemas concretos.

3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual en caso de ser posible, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da práctica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

6.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios:

Tratándose de ensino con avialiación contínua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a correspondente avaliación.

6.5.2. Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación contínua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesorado da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito contínuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumnado será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación contínua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/ obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Para superar as probas de cada curso, o alumnado deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesorado trala avaliación ordinaria.

6.6. Recursos didácticos:

Técnica:

- Sistema de escalas e arpexios, Armando Toledo
- Sistema de escalas, Grigorian
- Estudios-escalas, Hrimaly
- Sistema de escalas da Associeted Board of the Royal Schools of Music.
- Outros de similar dificultade…

Métodos e estudos:

- El joven violinista, curso 3º, J.Claudio
- Le petit paganini, vol III, Van de Velde
- 50 estudos melódicos, op 22 , Curci
- 26 estudos de cambios de posición, Curci
- Estudos en 1ª posición, op 32 nº1, H.Sitt
- Estudos en 2ª e 3ª posición, op 32, nº2, H.Sitt
- Introducing the positions vol, I , Whistler
- Position changing on the violin , Mackay (oxford press)
- Estudios fáciles (2 vl), Martinu
- 60 estudos, op 45, Wohlfahrt
- Melodious doublé stops, vol I , Josephine Trott
- 30 studies of moderate difficulty, Woof
- El violin teórico y práctico, cuadernos II y III, M.Crikboom
- El pequeño Sevcik, op 3,op 6, op 2, op 1, Sevcik
- Outros estudos de similar dificultade…

Pezas:

- Vol. II e III, Suzuki
- Duos, vol I (do 15 ó 25) , Bartok
- Chants e morceaux, vol II, Crickboom

- 12 easy fantasies, op 86 , Dancla
- Colección de pezas da Editorial Moscova e da Royal Academi de Londres para dito grao.
- Violin play studies, vol III, P. de Kayser
- Album pieces , Kabalewsky (ed: kalmus)
- Violin music para principiantes , G.Lenkei (ed:musica)
- Violin rascals. Colourstrings duos (I, II, III), G.Szilvay
- Tema e variacións, Papini
- The puppet show, Trott
- Lullaby, Shifrin
- Concertino, op 4 , Essek
- Concertino, op 81, Beer
- Concertinos op8, op 5 y op 7, Huber
- Concertino, op 12 Re M, Kuchler
- Concertino, op 15 Re M (en estilo Vivaldi), Kuchler
- Concerto en Re, op 36 , Reading
- Concerto op 34, Reading
- Concertino, R.Ortmans
- Concerto nº1, Seitz
- Concierto nº5, Re M, op 22, Seitz
- Outras pezas de similar dificultade…

7. SECUENCIACIÓN DO 4º DO GRAO ELEMENTAL

7.1. Obxectivos:

- Consolidar a técnica básica do violín tanto no manexo do arco, coma na man esquerda.
- Perfeccionamento do detaché, martellé, staccato e spiccato.
- Consolidación dos cambios de posición. Perfeccionamento do vibrato con fins expresivos.
- Coñecer as escalas maiores e menores en dúas oitavas con cambios de posición ou en diferentes posicións (1ª, 2ª e 3ª). Iniciar nas escalas en tres oitavas (Sol Maior).
- Desenvolver os elementos expresivos básicos da música, adaptándose á obra, o seu estilo e as indicacións dinámicas.
- Tocar en grupo escoitando ós demáis e interpretando correctamente.
- Tocar un repertorio que permita ó alumno prepararse para unha futura proba de acceso ao grao profesional, alguna delas de memoria.
- Coñecer a foma básica do concerto para violín solista.
- Practicar a lectura a 1ª vista axeitada ó nivel.
- Aplicar uns bos hábitos de estudo.

7.2. Contidos:

- Perfeccionamento e asimilación dos coñecementos dos cursos anteriores.
- Equilibrio sonoro e corporal.
- Aprendizaxe dos elementos básicos da música, o estilo, os matices e as dinámicas.
- Perfeccionamento dos cambios de posición. Vibrato.
- Estudo dos golpes de arco básicos: detaché, legato, martellé, sttacato lento e portato, coas súas combinacións, ademais do perfeccionamento do spiccato.
- Ritmos variados para traballar os principios básicos do arco: movementos de antebrazo, arco recto, punto de contacto, velocidade de arco, distribución (estar nunha zona determinada do arco); a coordinación e o propio desenvolvemento da rítmica e o sentido do pulso, tanto en individual coma en conxunto nas colectivas.
- Escalas en dúas oitavas con cambios de posición e arpexos, con diferentes golpes de arco. Iniciación ás tres oitavas no violín, Sol Maior.
- Lectura a 1ª vista. Técnicas de estudo. Memorización.

7.3. TEMPORALIZACIÓN:

1ª avaliación:

- Aprendizaxe dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas.
- Técnicas de estudio e memorización.
- Lectura a primeira vista.
- Escalas en dúas oitavas con cambios de posición e arpexos, con diferentes golpes de arco.
- Amosar unha técnica da man dereita axeitada ao nivel.
- Interpretación de pezas e estudos (1 escala con cambios, 2 estudos e 1 obra, ou 3 estudos).

2ª avaliación:

- Perfeccionamento e asimilación dos contidos dos cursos anteriores.
- Estudo sistemático das tres primeiras posición e introducción na 4ª e 5ª. Cambios de posición.
- Lectura a primeira vista. Memorización.
- Estudo e desenvolvemento do vibrato.
- Amosar unha técnica da man dereita axeitada ao nivel.
- Interpretación de pezas e estudos (1 escala con cambios, 2 estudos e 1 obra, ou 1 estudo e 2 obras).

3ª avaliación:

- Estructuras formais das obras interpretadas polo alumnado.
- Comezo da escala e arpexio de Sol M en 3 oitavas.
- Perfeccionamento dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas.
- Perfeccionamento dos cambios de posición e desenvolvemento do vibrato.
- Amosar unha técnica da man dereita axeitada ao nivel. Lectura a primeira vista. Memorización.
- Interpretación de piezas e estudos (1 escala con cambios (a poder ser de 3 oitavas), 2 obras,-unha delas un Concerto-).

7.4. Avaliación:

Os aspectos xerais da avaliación coinciden cos que aparecen no 1º curso do grao elemental de dito documento.

7.4.1. Criterios de avaliación:

Os criterios de avaliación son os mesmos ca no 1º curso do grao elemental.

Criterios de avaliación específicos do 4º curso DO Grao Elemental:

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco: partes e mantemento. Saber afinar.
- Tocar un programa con tres pezas que permita a realización da proba de acceso a Grao Profesional cunha correcta técnica, afinación e musicalidade.
- Realizar os cambios de posición coa técnica correcta. Tocar en 1ª, 2ª e 3ª posición, tanto en posicións fixas como usando cambios de posición.
- Comprender as estruturas formais das obras interpretadas polo alumno/a. Utilizar o vibrato como recurso expresivo.
- Saber utilizar os golpes de arco básicos axeitados para cada estudo ou peza a interpretar.

- Interpretar as dinámicas, estilo e matices de cada obra, cunha corrección esixible ó nivel elemental.
- Poder tocar unha escala en tres oitavas ata oito notas por arco e os seus arpexios ata tres ligados.
- Amosar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos.
- Amosar un bo comportamento na clase, asistencia, e interese na materia.
- Ler un fragmento breve a primeira vista acorde ó nivel.

7.4.2. Mínimos esixibles:

Tres escalas mínimo.
4 estudos, 4 obras, unha delas un concerto.
Unha audición pública como mínimo.
Tres audicións técnicas co profesorado.

1ª avaliación:
Unha escala con cambios de posicións.
Dous estudos e 1 obra, ou 3 estudos. Un deles de memoria.
Unha audición técnica diante do profesorado do departamento.

2ª avaliación:
Unha escala con cambios de posicións.
Dous estudos e unha obra, ou 1 estudo e 2 obras. Un deles de memoria
Unha audición técnica diante do profesorado do departamento.

3ª avaliación:
Unha escala con cambios de posición a poder ser de 3 oitavas.
2 obras, unha delas deberá ser un Concerto. Unha de memoria mínimo.
Unha audición técnica diante do profesorado do departamento.

7.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:
Os conceptos xerais dos procedementos e ferramentas da avaliación coinciden cos que aparecen no 1º curso do grao elemental de dito documento.

7.4.4. Criterios de cualificación:
Valoraranse as seguintes cuestións:

Control da posición do instrumento.
Control da afinación.
Control do son e das dinámicas.
Control do ritmo.
Control dos golpes de arco básicos.
Control da memoria.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Traballo na casa e na aula 20%
Memoria 10%

Na ponderación a nota final, será unha media aritmética das tres avaliacións (convocatoria ordinaria).

7.5. Medidas de recuperación:

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno/a.

2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos do alumnado con problemas concretos.

3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual en caso de ser posible, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da práctica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

7.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios:

Tratándose de ensino con avialiación contínua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a correspondente avaliación.

7.5.2. Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación contínua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesorado da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito contínuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumnado será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación contínua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/ obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Para superar as probas de cada curso, o alumnado deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesorado trala avaliación ordinaria.

7.6. Recursos didácticos:

Técnica:

- Sistema de escalas e arpexios, Armando Toledo
- Sistema de escalas, Grigorian
- Sistema de escalas, Flesch
- Escalas e arpexios, Sevcik
- Sistema de escalas da Associated Board of the Royal Schools of Music.
- Outros similares.

Métodos e Estudos:

- The school of violin technique (técnica man esquerda), Scharadieck
- El joven violinista, curso 4º, J.Claudio
- Parte I, op 2 , Sevcik
- 60 Estudios op 45, vol II (a partir do 32), Wohlfahrt
- Le petit paganini, vol II e III, Van de Velde
- Estudios en 2ª y 3ª posición, op 32, nº2, H.Sitt
- 26 Estudos de cambios de posición, Curci
- Melodious doublé stops, vol I, J.Trott
- Introducing the positions, vol I / Preparing for Kreutzer, vol I, Whistler
- 36 estudos, Kayser
- 24 elementary and progressive studies, vol II e III, Kingsey (ed: Abrsm)
- Technique takes off , Cohen
- Specimen sightreading test (grados 1-5), práctica a 1ª vista
- Outros de similar dificultade…

Pezas:

- Allegro, Fiocco
- Masques, Persichetti
- Violinmusik vol II, Marcia nº5, Mozart

- La cinquantaine, Gabriel-Marie
- Walz from lyric pieces, op 12 , Elgar
- Violinmusik vol II, Valse nº13 , R.Sugár
- Duos para dous violins, op 8 , I.Pleyel
- Dúos para violin, P.Hindemith
- The boy paganini, Mollenhauer
- Moderato nº1 from intermezzo, Martinu
- Vol III e IV, Suzuki
- Solos de violin player, vol I (allegro spiritoso, the bells), Gingold
- Violin rascals. Colourstring duos (I, II, III), G. Szilvay
- Colección de pezas da Editorial Moscova e da Royal Academi de Londres para este grao.
- Album of barroc/classical/romantic pieces, S.Nelson
- Solos for young violinist, vol II, Barber
- Kleine melodie schule, op 123, vol II /12 fantasías fáciles (7 e 12) op 86, Dancla
- Allegro da sonata nº3, Haendel
- 6 sonatas para violín, Vivaldi
- Sonatas, op 5, nº 7, 8 y 9, Corelli
- Sonatas , Scarlati
- Sonatina, Sib M, Vaklanova
- Concerto en Sol M, Telemann
- Concerto en Sol M e La m, Vivaldi
- Concertino rem in style of Mozart , Millies
- Concerto Re M, no estilo de Vivaldi (completo), Kuchler
- Concertino, op 21, O.Rieding
- Concerto nº2, Seitz
- Ou outras pezas de similar dificultade…

PROBA DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL

En todas as especialidades instrumentais realizarase unha proba con dúas partes diferenciadas:

A) Exercicio práctico.

Interpretación de tres obras diferentes, unha delas de memoria. No BOE do 10 de febreiro de 1995 publicouse un listado orientativo de obras. Nesta programación inclúese outro listado, tamén orientativo.
Este exercicio cualificarase de 1 a 10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 para superalo.

B) Exercicio teórico.

Contidos xerais de nivel equivalente ao curso anterior. Este exercicio valorarase de 1 a 10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 para superalo.

- Unha vez superadas as dúas partes calcularase a media ponderada en 70% o exercicio práctico e 30% o teórico.

A proba de **acceso a Grao Profesional** consta dos contidos do **4º curso** do grao elemental fundamentalmente, e os criterios de avaliación son os establecidos en dito curso.

A programación a presentar na proba será a seguinte:

- Unha peza de curta extensión sen ou con cambios de posición ou un estudo do nivel do curso.
- Unha peza de curta extensión con cambios de posición.
- O 1º movemento dun concerto, ou o 2º e 3º movementos.

O alumnado deberá tocar como mínimo unha das 3 pezas de memoria, e deberá tocar acompañado/a de pianista (nas pezas que así o requiran) que será procurado por él mesmo/a.

O tribunal valorará os seguintes aspectos:
Control da posición do corpo e do instrumento. Control da afinación. Control do son e das súas dinámicas. Control do ritmo. Control dos golpes de arco básicos. Control dos cambios de posición. Respeto do texto.Control da memoria. Madurez interpretativa suficiente para afrontar obras de maior nivel.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

8. SECUENCIACIÓN DO 1º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

8.1. Obxectivos:

- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a alternancia da tensión e da relaxación, así coma a concentración e a memoria.
- Perfeccionar os cambios de posición e o vibrato, añadir 4ª e 5ª posición.
- Desenvolver progresivamente o control da velocidade e coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Aproximación aos golpes de arco saltados: spiccato e o saltillo.
- Tocar as escalas en 3 oitavas, cos seus arpexos e inicio das dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas). Sol M e m, La M e m.
- Iniciar o estudo metódico das dobres cordas.
- Conseguir unha adecuada interpretación das obras segundo o estilo ó que pertenzan.
- Estudar con criterio, secuenciando o estudo para resolver problemas técnicos e musicais con economía de tempo e esforzo.
- Ler 1ª vista adecuada ó nivel.
- Afondar no traballo da memoria.

8.2. Contidos:

- Traballo sobre os cambios de posición. Posicións 4ª e 5ª en posición fixa.
- Perfeccionamento dos golpes de arco. O spiccato e o staccato.
- Desenvolvemento do vibrato.
- Dobres cordas.
- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto.
- Calidade sonora tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto. Traballo do son no: fraseo, afinación e dinámica.
- A escala en tres oitavas: Sol M e m, La M e m, arpexos (dobres cordas).
- Aprender a estudar e organizar o estudo.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a 1ª vista.
- Traballo das obras do repertorio propostas para o curso (escalas, 4 estudos, 3 obras e 1 concerto (1º mov con cadenza ou 2º e 3º)).

8.3. TEMPORALIZACIÓN:

1ª avaliación:

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto. Saber estudiar. O estudo analítico.
- A escala en tres oitavas: Sol M e m. Posicións 4ª e 5ª.
- Desenvolvemento do vibrato. Dobres cordas simples.
- Continuación do adestramento da memoria.
- Traballo das obras e dos estudos do repertorio propostas para este curso tocando unha delas de memoria (escala + 3 pezas a escoller entre obras e estudos).

2ª avaliación:

- Dobres cordas simples. A escala en tres oitavas: La M e m; arpexos. Coordinación coa man esquerda.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista.
- Traballo das obras de repertorio propostas para este curso tocando unha delas de memoria (escala + 3 pezas a escoller entre obras e estudos).

3ª avaliación:

- Perfeccionamento das escalas mencionadas con distintos golpes de arco. Iniciación ao fraseo e a agóxica musical.
- Traballo sobre os cambios de posición (ata a 5ª posición).
- Perfeccionamento dos golpes de arco. O spiccato e o staccato.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a 1ª vista.
- Traballo das obras e dos estudos do repertorio propostas para este curso tocando unha delas de memoria (escala + 1 obra + 1 concerto).

8.4. Avaliación

8.4.1. Criterios de avaliación:

Os criterios xerais de avaliación para todo o grao profesional son os seguintes:

Traballo persoal diario: A observación sistemática clase a clase e o primeiro e mellor procedemento para acadar información fiable acerca do progreso do alumnado. As conclusións serán recollidas no caderno de aula.

Traballos en grupo: Desenvolvemento do traballo co pianista acompañante. Actitudes cara a materia: Curiosidade e creatividade. Constancia e flexibilidade. Reflexión sobre as súas ideas e actuacións, revisando e analizando e explicando.

Probas prácticas diante do profesorado de corda: Además de valorar os coñecementos do alumnado, axuda a comprobar como se desenvolve o alumnado nunha situación na cal pode haber oíntes, xa sexa como público ou como tribunal. No caso concreto do ensino do violín, a observación e audición directa serán os elementos fundamentais do proceso avaliador.

A análise do traballo realizado polo alumnado, o seu progreso, o seu sistema de estudo e aproveitamento, o seu interese, revelará a eficacia tanto do seu traballo como o do profesorado.

Criterios de avaliación específicos do 1º curso do Grao Profesional:

- Coñecer de forma máis completa o instrumento e o arco e as súas posibilidades acústicas: Saber afinalo. Amosar una autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do seu curso.
- Amosar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto de brazo dereito: suxeción, conducción, golpes de arco á corda e desenvolvemento dos saltados, acordes, etc. Da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc; así como a coordinación de ambos brazos.
- Ter unha posición axeitada que lle permita ademáis a correcta colocación do instrumento, tocar con comodidade, liberdade e seguridade.
- Tocar escalas de tres oitavas cos seus arpexios e inicio nas súas dobres cordas: terceiras, sextas e oitavas. Das escalas escollérase entre as seguintes: Sol M ou m, La *b* M ou m, La M ou m, Si *b* M.
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos e pezas para solistas ou con acompañamento de piano, empregando a técnica adquirida. Axeitarse ó estilo da obra e lograr bo son e correcta afinación e ritmo. Memorización de prácticamente a totalidade do repertorio a ser posible.
- Aplicar na escala diferentes ritmos e golpes de arco: detaché, portato, legato, combinacións de detaché e legato, martellé, staccato ata catro ligadas, spiccato e saltillo, con boa afinación, bo ritmo e limpeza de son.
- Amosar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos.
- Tocar en audicións con acompañamento de piano, a poder ser de memoria, cunha correcta utilización do tempo, do arco e do son.
- Tocar exercicios de lectura a vista conforme ós niveis do curso.
- Amosar un bo comportamento na clase, asistencia, e interese na materia.

8.4.2. Mínimos exisibles:

Tres escalas e arpexios en 3 oitavas como mínimo.
4 estudos, 3 obras de diferentes estilos e dificultades, e 1 concerto (1º movemento, ou completo).
Unha audición pública como mínimo.
Tres audicións técnicas co profesorado.

1ª avaliación:
Escalas e arpexios en 3 oitavas.
2 estudos e 1 obra ou 3 estudos, unha delas de memoria.
Audición co profesorado.

2ª avaliación:
Escalas e arpexios en 3 oitavas.
2 estudos e 1 obra ou 1 estudo e dúas obras. Unha delas de memoria.
Audición co profesorado.

3ª avaliación:
Escalas e arpexios en 3 oitavas.
Unha obra e un concerto.
Audición co profesorado.

(Alomenos un dos estudos do curso deberá ser de dobres cordas).

8.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Conceptos xerais:

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionalos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno/a. A avaliación será continua durante todo o curso. O procedemento de avaliación contínua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumnado, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas.

Tamén se incluirá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, o profesorado dispón dun modelo de ficha de avaliación.

O mesmo profesorado tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos/as, e o seu grao de motivación.

8.4.4. Criterios de cualificación:

Valoraranse as seguintes cuestións técnicas:
- Control da posición do instrumento.
- Control do ritmo e medida das figuras.
- Grao de dificultade do repertorio.
- Afinación e calidade do son.
- Claridade na dixitación.
- Control das articulacións e golpes de arco.
- Control da memoria.

Valoraranse as seguintes cuestións interpretativas:
- Calidade do son.
- Respeto ós estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas.
- Capacidade iterpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Traballo na casa e na aula 20%
Memoria 10%

Na ponderación a nota final, será unha media aritmética das tres avaliacións (convocatoria ordinaria).

8.5. Medidas de recuperación:

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles do alumnado.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos do alumnado con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual se é posible, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da práctica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

8.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios:

Tratándose de ensino con avaliación contínua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a correspondente avaliación.

8.5.2. Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación contínua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación contínua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito contínuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumnado será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/ obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa):

Para superar as probas de cada curso, o alumnado deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesorado trala avaliación ordinaria.

8.6. Recursos didácticos:

Técnica:

- Sistema de escalas e arpexos, Armando Toledo
- Sistema de escalas, Grigorian
- O sistema de escalas, C.Flesch
- Escalas e arpexos, Sevcik
- Contemporary violin tecnique, vol I, Galamian
- Outros de similar dificultade…

Métodos e Estudos:

- School of velocity op 74, Dancla
- Mecanismo da man esquerda op 16 / Dobres cordas, op 50, Bloch
- Estudos, op 36, Kayser
- Estudos, Mazas
- Estudios, op 74, Wohlfahrt
- 60 estudios, op 45 (do 36 en adiante), Wohlfahrt
- 26 estudos de cambios de posición, Curci
- Estudos de dobres cordas, Sitt e Polo
- Melodious doublé stops, vol I e II, Josephine Trott
- Introducing the positions, vol I e II / Preparing for Kreutzer, vol I, H.Whistler
- Op. 2, 1ª parte, Sevcik
- Specimen Sightreading Tests (ABRSM), Grados 1-5
- Outros estudos de similar dificultade…

Pezas:

- Adagio, Albinoni
- Allegro, Fiocco
- Serenata, Toselli
- Sonatas (7 - 12), Corelli
- Sonatas op.2, Vivaldi
- Sonatas, Telemann
- Sonatas, nº4 e nº5, Haynd
- Sonata nº3, Fa M, Haendel
- Barcarolla, Tchaikovski

- Chanson de Matin / Chanson de Nuit, Elgar
- The boy paganini (sólos for young violinists, vol II), Mollenhauer
- Introducción and Polonaise, C. Bohn
- Airs variés, op 89, nº4, 5 e 6 , Dancla
- Coleccións de pezas da Editorial Moscova, e da Royal Academy de Londres para o grao.

Concertos:

- Concerto en Sol m, op 12, nº 1 / Concerto en La m, op 9, nº 5, A. Vivaldi
- Dobre concerto en Re m, Bach
- Concerto nº4, op 5, Albinoni
- Concertos op 21 e 24, Rieding
- Concerto sol m, op 12, Seitz
- Concerto nº1 en La m, Accolay
- Concerto, op 14, L.Portnoff
- Concertino, Hubert
- Outras de similar dificultade.

9. SECUENCIACIÓN DO 2º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

9.1. Obxectivos:

- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a alternancia da tensión e da relaxación, a execución instrumental, así coma a concentración e a memoria.
- Perfeccionar os cambios de posición e o vibrato.
- Control da afinación e da calidade do son.
- Coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Tocar as escalas en 3 oitavas, cos seus arpexios e dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas). Estudo metódico das dobres cordas.
- Conseguir unha adecuada interpretación das obras segundo o estilo ó que pertenzan. Control en audicións en público.
- Estudar con criterio, secuenciando o estudo, razoando e con intelixencia.
- Ler a 1ª vista adecuado ó nivel.

9.2. Contidos:

- Escalas en tres oitavas, etc. Arpexos. Dobres cordas de 3ª, 6ª, 8ª.
- Traballo sobre a calidade do son tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto. Vibrato.
- Harmónicos naturais e artificiais.
- Calidade sonora: fraseo, afinación e dinámica.
- Aplicación de distintos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco.
- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica.
- Audicións comparadas de diferentes estilos e intérpretes.
- Continuación do desenvolvemento teórico-artístico do instrumento, tanto do arco coma da man esquerda.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a 1ª vista.

9.3. TEMPORALIZACIÓN:

1ª avaliación:
Escalas en posición fixa en 4ª e 5ª posición ou con cambios. Inicio as dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ªs nunha oitava.
Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco.
Traballos das obras e estudos do repertorio propostos para este curso interpretando unha mínimo de memoria (escala + 3 pezas a escoller entre estudos e obras).

2ª avaliación:
Harmónicos naturais e artificiais. Escalas nunha corda e de tres oitavas con dobres cordas. Desenvolvemento dos golpes de arco saltados.
Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e o punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato.
Continuación do desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda. Continuación do traballo de obras e estudos propostas para este curso interpretando unha delas mínimo de memoria (escala + 3 pezas a escoller entre estudos e obras).

3ª avaliación:
Interpretación das obras de diferentes estilos de memoria. Audicións de diferentes estilos.
Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica.
Escalas nunha corda e de tres oitavas con dobres cordas. Traballo da memorización e da lectura a 1ª vista.
Continuación do traballo de obras e estudos propostas para este curso interpretando unha delas mínimo de memoria (escala + 1 obra e o Concerto).

9.4. Avaliación:
9.4.1. Criterios de avaliación:

Os criterios xerais de avaliación son os mesmos para todo o grao profesional e están indicados no apartado de avaliación do 1º curso do grao profesional.

Criterios de avaliación específicos do 2º curso do Grao Profesional:

- Coñecer o intrumento e o arco, mantemento, coidados e historia. Ter unha postura corporal correcta que favoreza unha boa colocación do instrumento e os movementos de coordinación das dúas mans.

- Amosar a capacidade de aprendizaxe e bos hábitos de estudo, así como autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Amosar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito: Suxeición, condución, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc., así como da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas etc…

- Tocar unha escala en tres oitavas e os seus arpexos con boa afinación e ben son, tendo en conta unha boa distribución do arco, unas cambios de posición fluídos e uns cambios de corda limpos, en catro, seis, oito e doce ligadas por arco. A escala escollérase entre as seguintes: La *b* M ou m, La M ou m, e Si *b* M ou m, Re M ou m. Tocar as escalas con diferentes ritmos e golpes de arco: detaché, portato, legato, combinacións de detaché e legato, martellé, staccato ata 8 ligadas, spiccato e saltillo, con boa afinación, ben ritmo e limpeza de son.

- Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para solo, concertos, sonatas etc., empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos aprendidos. Memorización e interpretación en público de ditas pezas.

- Facer lectura á vista acorde do nivel do curso. Control da memorización.

9.4.2. Mínimos esixibles:

Tres escalas e arpexios en 3 oitavas con dobres cordas.
Catro estudos, un deles debe ser de dobres cordas.
Tres obras de diferente dificultadee estilo.
Un concerto.
Unha audición pública como mínimo.
Tres audicións co profesorado.

1ª avaliación:
Escalas e arpexios en 3 oitavas e as súas dobres cordas.
Dous estudos e unha obra, unha delas de memoria.
Audición co profesorado.

2ª avaliación:
Escalas e arpexios en 3 oitavas e as súas dobres cordas.
Dous estudos e unha obra, unha delas de memoria. Audición co profesorado.

3ª avaliación:
Escalas e arpexios en 3 oitavas e as súas dobres cordas.
Unha obra e un concerto (1º movemento con Cadenza ou completo), mínimo un de memoria. Audición co profesorado.

(Alomenos un dos estudos do curso deberá ser de dobres cordas)

9.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Conceptos xerais:

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionalos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno/a. A avaliación será continua durante todo o curso. O procedemento de avaliación contínua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumnado, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas.

Tamén se incluirá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, o profesorado dispón dun modelo de ficha de avaliación do alumnado.

O mesmo profesor/a tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos/as, e o seu grao de motivación.

9.4.4. Criterios de cualificación:

Valoraranse as seguintes cuestións técnicas:

- Control da posición do instrumento.
- Control do ritmo e medida das figuras.
- Grao de dificultade do repertorio.
- Afinación e calidade do son.
- Claridade na dixitación.
- Control das articulacións e golpes de arco.
- Memorización.

Valoraranse as seguintes cuestións interpretativas:

- Calidade do son.
- Respeto ós estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas.
- Capacidade iterpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Traballo na casa e na aula 20%
Memoria 10%

Na ponderación a nota final, será unha media aritmética das tres avaliacións (convocatoria ordinaria).

9.5. Medidas de recuperación:
Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumnado.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos do alumnado con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual se é posible, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da práctica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

9.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios:
Tratándose de ensino con avaliación contínua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a correspondente avaliación.

9.5.2. Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación contínua non é posible:
Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación contínua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito contínuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/ obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa):

Para superar as probas de cada curso, o alumnado deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesorado trala avaliación ordinaria.

9.6. Recursos didácticos:

Técnica:

- Sistema de escalas e arpexios, Armando Toledo
- Sistema de escalas, Grigorian
- O sistema de escalas, C.Flesch
- Escalas e arpexios, Sevcik
- Contemporary violin tecnique, vol I, Galamian
- Outros de similar dificultade…

Métodos e Estudos:

- Mecanismo da man esquerda, Bloch
- Dobres cordas, op 50, Bloch
- Op 2, 7, 8 e 9, Sevcik
- Estudos de dobres cordas, Polo
- Melodious doublé stops, vol I e II, Josephine Trott
- Introducing the positions, vol I e II, Whistler
- Preparing for Kreutzer, vol I e II, Whistler
- Estudos, op 20 (13-36), Kayser
- Estudos especiais, op 36, libro I, Mazas
- 24 estudos, op 37, Dont
- Estudos (1-10), Kreutzer
- Escola do mecanismo, op 74, Dancla
- 26 estudos de cambios de posición, Curci
- Outras de similar dificultade…

Pezas:

- Chanson de matin, Elgar
- Salut d´amour, op.12, Elgar
- An evening in the village, Bartok
- Perpetuo mobile da pequena suite, nº6, C.Bohm
- Rondino dun tema de Beethoven, F.Kreisler
- Tempo di minuet, F.Kreisler
- Meditación de Thais, Massenet
- Polish dance (solos for Young violinist, vol IV), Severn

- 3 duetos, op 5, Bocherini
- 5 madrigal stanzas, Martini
- 5 pieces (2vl + piano), Shostakovich
- Coleccións de pezas da Editorial Moscova, e da Royal Academy de Londres para este grao.
- 12 fantasías (7-12), Telemann
- Sonatina en Sol M, op 100, Dvorak
- Sonata en Sol, Duval
- Sonatas op 5 (nº1-6 e 12), Corelli
- Sonatas para violín, Haendel
- Sonatas para violín e piano, Haydn

Concertos:

- Sólos de concierto nº1 y nº2, Dancla
- Concierto Sol M, op 25, Rieding
- Concerto: la primavera, Vivaldi
- Concerto Sol M, Telemann
- Concerto nº1, la m, Accolay
- Concerto en La m , Bach
- Concerto en Sol M, Haydn
- Concerto, op 15, Seitz
- Concertino en estilo Mozart, H.Millies
- Concerto en Mi m, P.Nardini
- Concerto op5, nº4, Albinoni
- Outras de similar dificultade…

10. SECUENCIACIÓN DO 3º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

10.1. Obxectivos:

- Controlar o equilibrio corporal, a respiración, a alternancia da tensión e da relaxación, así coma a concentración e a memoria.
- Control permanente da afinación e da calidade do son.
- Continualo desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: Articulación, fraseo, dixitación, etc.
- Tocar as escalas en 3 oitavas, cos seus arpexios e dobres cordas (terceiras, sextas e oitavas). Estudo metódico das dobres cordas.
- Conseguir unha adecuada interpretación das obras segundo o estilo ó que pertenzan, e interpretar repertorio solístico e de conxunto que comprendan obras representativas das distintas épocas e estilos.
- Adquirir o autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público coma solista en en conxunto, fomentando a memorización das obras.
- Estudar con criterio, secuenciando o estudo para resolver problemas técnicos e musicais con tempo e esforzo.
- Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir criterios interpretativos.

10.2. Contidos:.

- Traballo sobre a calidade do son tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e o vibrato.
- Dobres cordas das escalas, escalas nunha corda, en posición fixa, etc… Harmónicos naturais e artificiais.
- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica.
- Aplicación de distintos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco.
- Saber estudar. Audicións comparadas de diferentes estilos e intérpretes.
- Continuación do desenvolvemento teórico-artístico do instrumento, tanto do arco coma da man esquerda.
- Continuación do adestramento da memoria e da lectura a 1ª vista. Audicións comparadas.

10.3. TEMPORALIZACIÓN:

1ª avaliación:
Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Escalas en posición fixa, sobre unha corda, en tres oitavas, etc.. Arpexos. Estudo das dobres cordas: 3ª, 6ª e 8ªs.
Aplicación dos diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco a tódolos aspectos do estudo da técnica .
Continuación do traballo das obras e estudos do curso interpretando unha delas de memoria (escala + 3 pezas a escoller entre estudos e obras).

2ª avaliación:
Escalas en posición fixa, sobre unha corda, en tres oitavas, etc.. Arpexos. Estudo das dobres cordas: 3ª, 6ª e 8ªs. Harmónicos naturais e artificiais.
Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica das pezas e estudos. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista.
Continuación do traballo das obras e estudos do curso interpretando unha delas de memoria (escala + 3 pezas a escoller entre estudos e obras.).

3ª avaliación:
Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.
Perfeccionamento dos aspectos técnicos e interpretativos das obras e estudos recomendadas do curso.
Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista.
Continuación do traballo das obras e estudos do curso interpretando unha delas de memoria (escala + 1 obra + 1 concerto).

10.4. Avaliación:

10.4.1. Criterios de avaliación:

Os criterios xerais de avaliación son os mesmos para todo o grao profesional e están indicados no apartado de avaliación do 1º curso do grao profesional.

Criterios de avaliación específicos do 3ºcurso do Grao Profesional:

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco: as súas partes e o seu mantemento. Saber afinalo.
- Ter unha postura corporal correcta que favoreza a coordinación entre as dúas mans, que lle permita ademáis a correcta colocación do instrumento, tocar con comodidade, liberdade e seguridade.
- Amosar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do seu curso. Amosar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresiva e os hábitos de estudo adquiridos. Tocar exercicios de lectura a vista conforme ós niveis do curso.
- Amosar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto de brazo dereito: suxeción, condución, golpes de arco á corda e desenvolvemento dos saltados, acordes, etc. Da man esquerda: articulacións, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas, etc; así como a coordinación de ambos brazos.
- Tocar escalas de tres oitavas cos seus arpexios e inicio nas súas dobres cordas: terceiras, sextas e oitavas. Tocar unha escala con diferentes ritmos e golpes de arco: detaché, portato, legato, combinacións de detaché e legato, martellé, staccato ata 8 ligadas, spiccato e saltillo, con boa afinación, ben ritmo e limpeza de son.

- Interpretar un repertorio que inclúa estudos e pezas para solistas ou con acompañamento de piano, empregando a técnica adquirida. Memorizar a maior parte posible do repertorio e interpretar obras de memoria en público. Tocar en grupo.
- Amosar un bo comportamento na clase, asistencia, e interese na materia.

10.4.2. Mínimos exisibles:

Tres escalas e arpexios en 3 oitavas con dobres cordas.
Catro estudos (1 deles de dobres cordas)
Tres obras de diferente dificultade.
Un concerto.
Lectura a 1ª vista.
Unha audición pública como mínimo.
Tres audicións técnicas co profesorado.

1ª avaliación:
Escalas e arpexos en 3 oitavas coas dobres cordas.
Dous estudos e unha obra. Un deles de memoria.
Audición co profesorado.

2ª avaliación:
Escalas e arpexos en 3 oitavas coas dobres cordas.
Dous estudos e unha obra. Un deles de memoria.
Audición co profesorado.

3ª avaliación:
Escalas e arpexos en 3 oitavas coas dobres cordas.
Unha obra e un concerto (1º movemento con cadencia ou completo). Unha delas de memoria.
Audición co profesorado.

(Alomenos un dos estudos do curso deberá ser de dobres cordas).

10.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Conceptos xerais:
O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionalos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno/a. A avaliación será continua durante todo o curso. O procedemento de avaliación contínua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumnado, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluirá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, o profesorado dispón dun modelo de ficha de avaliación do alumnado.

O mesmo profesor/a tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos/as, e o seu grao de motivación.

10.4.4. Criterios de cualificación:

Valoraranse as seguintes cuestións técnicas:
- Control da posición.
- Control do ritmo e medida das figuras.
- Grao de dificultade do repertorio.
- Afinación e calidade do son.
- Claridade na dixitación.
- Control das articulacións e golpes de arco.
- Control da memoria.

Valoraranse as seguintes cuestións interpretativas:
- Calidade do son.
- Respeto ós estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas
- Capacidade iterpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Traballo na casa e na aula 20%
Memoria 10%

Na ponderación a nota final, será unha media aritmética das tres avaliacións (convocatoria ordinaria).

10.5. Medidas de recuperación:

10.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios:

Tratándose de ensino con avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a correspondente avaliación.

10.5.2. Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación contínua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación contínua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito contínuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/ obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa):

Para superar as probas de cada curso, o alumnado deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesorado trala avaliación ordinaria.

10.6. Recursos didácticos:

Técnica:

- Sistema de escalas e arpexios, Armando Toledo
- Sistema de escalas, Grigorian
- O sistema de escalas, C.Flesch
- Escalas e arpexios, Sevcik
- Contemporary violín technique, Galamian
- Vartan Manoogian :

  . cambios de posición, estudo de terceiras, estudo de sextas , estudo dos modos.
- Outras de similar dificultade…

Métodos e Estudos:

- Estudos, op 36 (13 – 36), Kayser
- 42 estudos, Kreutzer
- Estudos, op 73, Ch.Dancla
- Estudos op 37, Dont
- 24 caprichos, Rode
- Estudos brillantes, op 36 (vol I, II), Mazas
- 36 estudos, Fiorillo
- Op 2, 7, 8 e 9, Sevcik

- Mecanismo do arco, op 2 (2ª, 3ª e 4ª parte), Sevcik
- Melodious double stops, vol II, Josephine Trott
- Introducing the positions, vol II / Preparing for Kreutzer, vol II, H.Whistler
- Escuela técnica de violin, Schradieck
- Specimen sight-reading tests (grades 5-8)
- Outros de similar dificultade…

Pezas:

Repertorio barroco:

- Fantasías (7- 12), Telemann
- Sonatas (BW 1014-1019), Bach
- Sonatas, op 5, A.Corelli
- Sonata: Didone abandonata, Tartini
- Sonatas (mi m, etc…), J.M.Leclair
- Sonatas para violín, Haendel
- Concerto en Mi M, Bach
- Sonata en Sol m (suzuki vol VIII), John Eccles

Repertorio clásico:

- Rondó en Do K.373, Mozart
- 3 duetos op.5, Boccherini
- Sonatas, Haydn
- Sonatinas, op 137, Schubert
- Concerto en "estilo de Haydn", H. Millies
- Concerto nº2, K 211, Mozart
- Concerto en Sol M, Haydn
- Concerto en Sol M, nº23, Viotti

Repertorio romántico:

- Meditación de Thais, J. Massenet
- Liebeslied, Kreisler
- "Leyenda" o "Dos mazurkas", op 19, Wieniawski
- Allegro brillante, Ten Have
- Sonatina, op 100, Dvorak
- Sólos de violín, Ch. Dancla

Repertorio do Século XX e español:

- Playera, Sarasate
- Romanza, Granados
- Czardas, V. Monti
- Sis soners, E.Toldrá

Outras coleccións:

- Sólos for young violinist (vol V, VI), Barber

Outras de similar dificultade…

11. SECUENCIACIÓN DO 4º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

11.1. Obxectivos:

- Manter hábitos de estudo que permitan desenvolver capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudo.

- Control da afinación e da calidade do son. Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco coma da man esquerda.

- Conseguir unha adecuada interpretación das obras segundo o estilo ó que pertenzan, e interpretar repertorio solístico e de conxunto que comprendan obras representativas das distintas épocas e estilos. Iniciar a aplicación dos coñecementos harmónicos, formais e históricos na busca de unha interpretación artística de calidade.

- Adquirir o autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público coma solista en en conxunto, fomentando a memorización das obras.

- Estudar con criterio, secuenciando o estudo para resolver problemas técnicos e musicais con tempo e esforzo.

- Fomentar o hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos. Fomentar a lectura a 1ª vista.

11.2. Contidos:

- Aplicación dos contidos acadados ata o momento.

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Fraseo, afinación e dinámica.

- Escalas en 3 oitavas con dobres cordas. Acordes de 3 e 4 notas. Escalas en posición fixa sobre unha corda.

- Aplicación de distintos patróns rítmicos, articulacións e iniciación a golpes de arco vistuosísticos, ricochet, arco viotti, staccato volante, etc.... Exercicios con harmónicos naturais e artificiais.

- Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos.

- Audicións comparadas de diferentes estilos e intérpretes. Traballo das obras de repertorio propostas para este curso.

11.3. TEMPORALIZACIÓN:

1ª avaliación:
Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Aplicación nos contidos do curso.
Escalas en posición fixa, sobre unha corda, en tres oitavas, etc.. Arpexos. Dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ªs. Acordes de tres e catro notas.
Iniciación a golpes e arco virtuosísticos, ricochet, arco Viotti, de staccato volante e a corda, etc. Traballo da memorización e da lectura a 1ª vista.
Traballo nas obras e estudos do repertorio propostas para este curso interpretando unha delas de memoria (escala + 3 pezas a escoller entre obras e estudos).

2ª avaliación:
Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco. Exercicios con harmónicos naturais e artificiais.
Traballo do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica e a dinámica. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a 1ª vista.
Aumento progresivo da velocidade na realización de escalas e dobres cordas.
Traballo nas obras e estudos do repertorio propostas para este curso interpretando unha delas de memoria (escala + 2 pezas a escoller entre estudos e obras).

3ª avaliación:
Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.
Aplicación de golpes de arco complexos ó estudo das escalas, tales como ricochet ou staccato volante.
Refinamento do traballo das obras e estudos do repertorio propostos para este curso, así como análisis autocrítico dos resultados obtidos na súa interpretación. Unha delas de memoria (escala + 1 obra + concerto).

11.4. Avaliación:

11.4.1. Criterios de avaliación:

Os criterios xerais de avaliación son os mesmos para todo o grao profesional e están indicados no apartado de avaliación do 1º curso do grao profesional.

Criterios de avaliación específicos do 4º curso do Grao Profesional:

- Coñecer o instrumento e o arco: especialmente, historia e mantemento.
- Amosar un grao de asimilación de conceptos técnicos, tanto do brazo dereito: Suxeición, condución, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc., así como da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas etc., así como a coordinación de ambos brazos.
- Ter unha postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento e favoreza os movementos e coordinación de ambos brazos.
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para solo, concertos, sonatas etc., empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos aprendidos. Memorización das pezas.
- Amosar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo e os hábitos de estudio adquiridos, así como unha maior autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Amosar un bo comportamento na clase, asistencia, e interese na materia.
- Tocar escalas en tres oitavas ligando mínimo doce notas por arco e arpexios ligados nove por arco, e as dobres cordas das mesmas (terceiras, sextas e oitavas) ligando mínimo catro notas por arco. Escalas na mesma corda.

11.4.2. Mínimos exisibles:

Tres escalas e arpexios en 3 oitavas con dobres cordas.
Catro estudos.
Dúas obras de diferente dificultade (unha delas serán 2 movementos das sonatas e partitas de J. S. Bach). Un concerto. (Unha delas de memoria).
Unha audición pública como mínimo.
Tres audicións técnicas co profesorado.

1ª avaliación:
Escalas e arpexios e dobres cordas en 3 oitavas.
2 estudos e unha obra ou 3 estudos, unha de memoria.
Audición co profesorado.

2ª avaliación:
Escalas e arpexios e dobres cordas en 3 oitavas.
2 estudos e unha obra ou 3 estudos (compaxinando o que falte da primeira avaliación). Unha delas de memoria.
Audición co profesorado.

3ª avaliación:
Escalas e arpexios e dobres cordas en 3 oitavas.
Unha obra (2 movementos de sonatas e partitas de Bach se aínda non se tocaron).
Un concerto. Unha das obras mínimo de memoria.
Audición co profesorado.

(Alomenos un dos estudos do curso deberá ser de dobres cordas).

11.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Conceptos xerais: O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionalos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno. A avaliación será continua durante todo o curso. O procedemento de avaliación contínua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumnado, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluirá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso. Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, o profesorado dispón dun modelo de ficha de avaliación do alumnado anexa a esta programación.

O mesmo profesor/a tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos/as, e o seu grao de motivación.

11.4.4. Criterios de cualificación:

Valoraranse as seguintes cuestións técnicas:
- Control da posición.
- Control do ritmo e medida das figuras.
- Grao de dificultade do repertorio.
- Afinación e calidade do son.
- Claridade na dixitación.
- Control das articulacións e golpes de arco.
- Control da memoria.

Valoraranse as seguintes cuestións interpretativas:

- Calidade do son.
- Respeto ós estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas.
- Capacidade iterpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Traballo na casa e na aula 20%
Memoria 10%

Na ponderación a nota final, será unha media aritmética das tres avaliacións (convocatoria ordinaria).

11.5. Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual se é posible, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

11.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios:

Tratándose de ensino con avialiación contínua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

11.5.2. Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/ obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa):

Para superar as probas de cada curso, o alumnado deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesor trala avaliación ordinaria.

11.6. Recursos didácticos:

Técnica:

- Sistema de escalas e arpexios vol II, A.Toledo
- Sistema de escalas, Grigorian
- O sistema de escalas, C.Flesch
- Escalas e arpexios, Sevcik
- Contemporary violin tecnique, I.Galamian
- Vartan Manoogian :

  . cambios de posición, estudo de terceiras, estudo de sextas, estudo dos modos.
- Outros de similar dificultade…

Métodos e Estudos:

- 42 estudos, Kreutzer
- Estudos, op 73, Ch.Dancla
- 36 estudos, Fiorillo
- 24 caprichos, Rode
- Estudos brillantes, op 36, Mazas
- Estudos op 37, Dont
- Op 2, op 7, op 8 e op 9, Sevcik
- Escola técnica de violin, Schradieck
- Specimen sightreading tests (grades 5-8)
- Outros de similar dificultade…

Pezas:

Repertorio barroco:

- Fantasías (1 - 6), Telemann
- Primavera (4 estacións), Vivaldi
- Sonatas e partitas, Bach
- Sonata op 2, nº6, Veracini
- Sonatinas para violin e piano, Tartini
- Concerto nº23 (1º mov.), Telemann

Repertorio clásico:

- Adagio en Mi, Mozart
- Rondó en Do M, Mozart
- Sonatas (k 301, 304,305), Mozart
- Sonatinas op 137, Schubert
- Fantasías, Schubert
- Concerto en Do M, Haydn
- Concerto nº23, Viotti

Repertorio romántico:

- Kol Nidrei, Bruch
- Romanza en Fa, Beethoven
- Lenda op 17, Wieniawski
- Siciliana e rigaudon, Kreisler
- Romantische Stüke, op.75, Dvorak
- Sonata en Fa, op 8, nº1, Grieg
- Variacións en re m, Beriot
- Escenas de ballet, concerto nº7, op 76, Beriot
- Escenas de ballet, concerto nº9, op 104, Beriot
- Solos de concerto, Ch.Dancla
- Concerto nº2 en Re m, op 2, Spohr
- Concertos nº 2 e nº3, Accolay
- Concertos nº1, 7, 8, 11, Rode
- Concerto nº19, en Re m, Kreutzer

Repertorio século XX e español:

- Romanza, Granados
- Playera, Sarasate
- Sis Soners: Sonetí de la Rosada, E. Toldrá
- Sis Soners: La Font, E. Toldrá

Outras coleccións:

- Sólos for young violinist (vol V, VI), Barber
- Outras de similar dificultade…

12. SECUENCIACIÓN DO 5º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

12.1. Obxectivos:

- Manter hábitos de estudo que permitan desenvolver capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudo.

- Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco como da man esquerda: Articulación, fraseo, dixitación. Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.

- Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ao nivel.

- Iniciar a aplicación dos coñecementos harmónicos, formais, históricos estéticos na busca dunha interpretación artística de calidade.

- Adquirir cada vez un maior autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio. Continuar a desenvolvela capacidade da lectura a primeira vista.

- Fomentalo hábito de escoitar música para adquirir progresivamente criterios interpretativos. Estudar con criterio, secuenciando o estudo para resolver problemas técnicos e musicais con tempo e esforzo.

- Afondar no dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico coma técnico, buscando dentro das características interpretativas das obras o descubrimento das capacidades expresivas e individuais de cada alumno.

12.2. Contidos:

- Traballo sobre a calidade do son. tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto. Empregar o vibrato con bo gusto nos estudos e nas obras.

- Aplicación dos contidos acadados ata o momento. Buscar un grao de asimilación dos conceptos técnicos, tanto do brazo dereito coma da man esquerda, e a coordinación entre ambos brazos. Demostrar un dominio práctico das diferentes técnicas estudiadas no repertorio a interpretar.

- Escalas en 3 oitavas con dobres cordas. Escalas na mesma corda. Acordes de 3 e 4 notas. Exercicios con harmónicos naturais e artificiais. Iniciación as escalas con harmónicos artificiais.

- Aplicación de distintos patróns rítmicos, articulacións e iniciación a golpes de arco vistuosisticos, ricochet, arco viotti, staccato volante, etc.…

- Amosar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do curso. Traballo analítico do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica, etc…

- Memorizar prácticamente a totalidade do repertorio, e interpretar pezas de memoria en público. Audicións comparadas de diferentes estilos e intérpretes. Continuación da lectura a 1ª vista.

- Iniciación á polifonía no instrumento. A escoita polifónica e a condución das diferentes voces.

12.3. TEMPORALIZACIÓN:

1ª avaliación:
Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Aplicación dos contidos do curso. Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas.
Escalas e arpexios en tres oitavas. Escalas en dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ªs.
Desenvolvemento da técnica dos acordes nas dúas mans.
Traballo das obras e estudos do repertorio propostos para este curso (escala + 2 pezas a escoller entre estudos ou obras).

2ª avaliación:
Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas. Exercicios con harmónicos naturais e artificiais.
Iniciación as escalas con harmónicos artificiais.
Desenvolvemento dos golpes e arco virtuosísticos, ricochet, arco Viotti, de staccato volante e a corda, etc..
Traballo analítico do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica, etc.. Traballo das obras e estudos do repertorio propostos para este curso (escala + 2 pezas a escoller entre estudos ou obras).

3ª avaliación:
Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.
Iniciación á polifonía no instrumento. A escoita polifónica e a conducción das diferentes voces.
Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise a hora de lograr unha cada vez maior autonomía no estudo. Aplicación dos devanditos principios ó estudo das obras e estudos do curso.
Continuación do adestramento da memoria e da lectura a 1ª vista. Traballo das obras e estudos do repertorio propostos para este curso (escala + unha obra + Concerto).

12.4. Avaliación:

12.4.1. Criterios de avaliación:

Os criterios xerais de avaliación son os mesmos que para o 1º curso do grao profesional.

Criterios de avaliación específicos do 5º curso do Grao Profesional:

- Coñecelo instrumento e o arco aplicando os coñecementos de funcionamento do instrumento e mantendo o instrumento en condicións. Coñecela historia e evolución do violín, e as causas histórico-culturais que deron lugar a esta evolución.
- Amosar un grao de asimilación dos conceptos técnicos, tanto do brazo dereito: Suxeición, condución, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc., así como da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas etc., así como a coordinación de ambos brazos acorde os contidos tratados en cada curso.
- Demostrar un dominio práctico das diferentes técnicas no repertorio estudado. Amosar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos propios do seu curso.

- Tocar escalas en tres oitavas ligando mínimo 24 notas por arco e arpexios ligados de nove por arco, e as dobres cordas das mesmas (terceiras, sextas e oitavas) ligando mínimo catro notas por arco.
- Demostrar sensibilidade na a afinación e na calidade do son. Saber empregar o vibrato con variedade e bo gusto en estudos e obras. Interpretar un repertorio que inclúa estudos e obras para solista o con acompañamento de piano, empregando a técnica e os criterios estéticos adquiridos. Memorizar a práctica totalidade do repertorio, e interpretar pezas de memoria en público.
- Amosar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo e os hábitos de estudo adquiridos. Tocar exercicios de lectura a vista conforme aos niveis propios do curso. Amosar un bo comportamento na clase, asistencia, e interese na materia.

12.4.2. Mínimos exisibles:

Tres escalas e arpexios en 3 oitavas con dobres cordas. Tres estudos. Dúas obras (unha delas serán 2 movementos das Sonatas e Partitas de J. S. Bach ou Pasacaglia de Biber) Un concerto.
Unha audición pública como mínimo. Tres audicións técnicas co profesorado.

1ª avaliación:
Escalas con arpexios e dobres cordas.
2 estudos ou un estudo e unha obra (unha delas de memoria).
Audición co profesorado.

2ª avaliación:
Escalas e arpexios e dobres cordas.
1 estudo e unha obra, ou dous estudos segundo corresponda. Un deles de memoria.
Audición co profesorado.

3ª avaliación:
Escalas e arpexios e dobres cordas.
2 obras unha delas un concerto. Unha delas de memoria.
Audición co profesorado.

(Alomenos un dos estudos do curso será de dobres cordas.)

12.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:
Conceptos xerais:

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionalos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno/a. A avaliación será contínua durante todo o curso. O procedemento de avaliación contínua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumnado, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluirá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso.

Para a avaliación dos obxectivos acadados e contidos asimilados, o profesorado dispón dun modelo de ficha de avaliación do alumnado anexa a esta programación.

O mesmo profesorado tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos/as, e o seu grao de motivación.

12.4.4. Criterios de cualificación:

Valoraranse as seguintes cuestións técnicas:
- Control da posición do instrumento.
- Control do ritmo e medida das figuras.
- Grao de dificultade do repertorio.
- Afinación e calidade do son.
- Claridade na dixitación.
- Control das articulacións e golpes de arco.
- Control da memoria.

Valoraranse as seguintes cuestións interpretativas:
- Calidade do son. Memorización.
- Respeto ós estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras.
- Capacidade da realización das diferentes dinámicas
- Capacidade iterpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Traballo na casa e na aula 20%
Memoria 10%

Na ponderación a nota final, será unha media aritmética das tres avaliacións (convocatoria ordinaria).

12.5. Medidas de recuperación

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno/a.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos do alumnado con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual se é posible, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

12.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios:

Tratándose de ensino con avialiación contínua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

12.5.2. Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación contínua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito contínuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumnado será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/ obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa):

Para superar as probas de cada curso, o alumnado deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesorado trala avaliación ordinaria.

12.6. Recursos didácticos:

Técnica:

- Sistema de escalas, Grigorian
- Sistema de escalas, A.Toledo
- O sistema de escalas, C.Flesch
- Escalas e arpexios, Sevcik
- Contemporary violin tecnique, I.Galamian
- Vartan Manoogian :

  . estudo de terceiras, estudo de sextas, estudo dos modos.

- Outros de similar dificultade…

Métodos e Estudos:

- 42 estudos (35, 38, 39, 40, 41, 42), Kreutzer
- 36 estudos, Fiorillo
- 20 brilliant and charasteristic studies, op 73, Dancla
- Estudos, op 35 (2, 3, 5, 6, 9, 13), Dont
- 24 Caprichos (18-24), Rode
- Estudos brillantes, op 36, Mazas
- Op 2, op 7, op 8 e op 9, Sevcik
- "Orchestral excerpts", J.Gingold
- 24 matinées (2, 4 e 8), Gaviniés
- Outros de similar dificultade…

Pezas:

Repertorio barroco:

- Pasacaglia, H.I.V.Biber
- Chacona, T.Vitali
- Sonata: El trino del diablo, Tartini
- Sonatas, Leclair
- Sonatas, Geminiani
- "Verán" das catro estacións, Vivaldi
- Sonatas e partitas, Bach

Repertorio clásico:

- Adagio en Mi M, Rondó en Do M, Mozart
- Sonatas, Mozart
- Concertos 1 e 3, Mozart
- Concerto nº22, en La m, Viotti

Repertorio romántico:

- Variacións dun tema de Corelli, Kreisler
- Preludio e allegro en estilo de Pugnani, Kreisler
- Schön Rosmarin, Kreisler
- Liebesfreud, Kreisler
- Romanza en Sol M ou Fa M, Beethoven
- Sonatas nº1 e 5, Beethoven

- Lenda op.17, Wieniawski
- Obertasse, Mazurkas op 19, Wieniawski
- Romance op 11, Dvorak
- Escena de ballet, nº2 , op 100, Beriot
- Concerto nº13, en Re, Kreutzer
- Concertos nº6, 7 e 9 , Rode
- Concerto nº9 op 55, nº2 op.2, Spohr

Repertorio século XX e español:

- Danzas rumanas, Bartok
- Nigun, Bloch
- Suite popular española, Falla
- Danza de "La vida breve", Falla
- Tango, Albéniz-Kreisler
- Romanza Andaluza, Sarasate
- Malagueña op 21, nº1, Sarasate
- Obras varias, Quiroga
- Concerto en Do, op 48, Kabalevski

Outras de similar dificultade...

13. SECUENCIACIÓN DO 6º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

13.1. Obxectivos:

- Desenvolver unha maior capacidade de estudo que permitan un maior control das capacidades técnico-artísticas, aplicando progresivamente e con autonomía os novos coñecementos musicais, valorando o propio rendemento e o tempo empregado no estudo.

- Continuar o desenvolvemento técnico-artístico do instrumento, tanto do arco cos golpes de arco virtuosísticos, como da man esquerda: Articulación, fraseo, dixitación, dobres cordas etc…

- Desenvolvela capacidade de aplicar unha dixitación propia e arqueo, seguindo as normas e patróns estéticos adecuados. Controlar permanentemente a afinación e perfeccionar continuamente a calidade sonora.

- Interpretar un repertorio solístico e de conxunto que inclúa obras representativas de diferentes épocas e estilos de unha dificultade axeitada ao nivel. Afondar na aplicación dos coñecementos harmónicos, formais, históricos e estéticos, na busca dunha interpretación artística de calidade.

- Adquirir cada vez un maior autocontrol necesario a través da experiencia de tocar en público como solista e en conxunto, fomentando a memorización do repertorio.

- Continuar a desenvolvela capacidade da lectura a primeira vista cada vez a un maior nivel. Continuar co hábito de escoitar música para afondar nos criterios interpretativos, e aplicalos novos coñecementos históricos, formais e estéticos na análise das obras estudadas.

- Afondar no dominio das capacidades expresivas do instrumento, tanto a nivel tímbrico coma técnico, buscando dentro das características interpretativas das obras o descubrimento das capacidades expresivas e individuais de cada alumno na propia interpretación das obras.

- Adquirilo coñecemento da historia e evolución do violín asociado aos cambios históricos culturais que motivaron dita evolución.

13.2. Contidos:

- Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas.
- Escalas e arpexos en tres oitavas, escalas modais.iniciación ás Escalas en 4 oitavas. Escalas en dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ªs. Escalas con harmónicos artificiais. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas.
- Desenvolvemento dos acordes con extensións, arpexados, invertidos, etc. Afondamento na execución dos golpes e arco virtuosísticos.
- Traballo analítico do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica, etc… Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Relación entre os aspectos formais e harmónicos coa memorización.

- Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións, analizando a estrutura formal e harmónica da obra.
- Desenvolvemento da polifonía no instrumento. Aplicación da escoita polifónica e da condución das diferentes voces.
- Traballo das obras de repertorio propostas para este curso. Afondamento nos principios de auto-percepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise a hora de lograr unha cada vez maior autonomía no estudo. Memorización.

13.3. TEMPORALIZACIÓN:

1ª avaliación:

Desenvolvemento da polifonía no instrumento. Aplicación da escoita polifónica e da conducción das diferentes voces. Traballo analítico do fraseo tendo en conta os diferentes estilos, a harmonía, a agóxica, etc... Escalas e arpexios en tres oitavas. Iniciación as escalas en 4 oitavas. Escalas en dobres cordas con 3ª, 6ª e 8ªs. Desenvolvemento dos acordes con extensións, arpexiados, invertidos, etc. Afondamento na execución dos golpes e arco virtuosísticos. Memorización. Traballo das obras e estudos do repertorio propostas para este curso.

2ª avaliación:

Traballo sobre a calidade do son, tendo en conta o peso, a velocidade e punto de contacto, e os distintos tipos de vibrato. Aplicación das posibilidades sonoras e expresivas no contexto musical, estético, formal e histórico das obras interpretadas. Aplicación de diversos patróns rítmicos, articulacións e diferentes golpes de arco dentro das escalas... Relación entre os aspectos formais e harmónicos coa memorización.Audicións comparadas de obras de diferentes estilos e diferentes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións, analizando a estructura formal e harmónica da obra. Traballo das obras e estudos do repertorio propostos para este curso.

3ª avaliación:

Estudo das escalas con maior velocidade e có emprego de ritmos irregulares e máis complexos. Exercicios e escalas con harmónicos naturais e artificiais. Continuación do adestramento da memoria e da lectura a vista. Afondamento nos principios de autopercepción, sensación corporal, auto escoita, e autoanálise a hora de lograr unha cada vez maior autonomía no estudo. Aplicación dos devanditos principios á interpretación en público das obras programadas para este curso. Traballo das obras e dos estudos do repertorio propostas para este curso.

13.4. Avaliación:

13.4.1. Criterios de avaliación:

Os criterios xerais de avaliación son os mesmo ca no 1º curso do grao profesional.

Criterios de avaliación específicos do 6º curso do Grao Profesional:

- Coñecelo instrumento e o arco aplicando os coñecementos de funcionamento do instrumento e mantendo o instrumento en condicións. Coñecela historia e evolución do violín, e as causas histórico-culturais que deron lugar a esta evolución.

- Amosar un grao de asimilación dos conceptos técnicos, tanto do brazo dereito: Suxeición, condución, golpes de arco á corda e saltados, acordes, etc., así como da man esquerda: articulación, cambios de posición, vibrato, desenvolvemento das dobres cordas etc., así como a coordinación de ambos brazos acorde os contidos tratados en cada curso.
- Demostrar un dominio práctico das diferentes técnicas no repertorio estudado. Executar o repertorio co control permanente da afinación.
- Conservar unha postura corporal que permita unha correcta colocación do instrumento e favoreza os movementos e coordinación de ambos brazos, nas diferentes técnicas asimiladas.
- Interpretar un repertorio que inclúa estudos, obras para solo, concertos, sonatas etc., empregando a técnica adquirida e os criterios estéticos aprendidos. Memorización e interpretación en público de ditas pezas. Demostrala capacidade de análise e desenvolvemento duns criterios interpretativos individuais dentro dos criterios axeitados a cada obra.
- Amosar en cada clase a capacidade de aprendizaxe progresivo e os hábitos de estudo adquiridos, así como a autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

13.4.2. Mínimos exisibles:

Escalas e arpexios en 3 oitavas con dobres cordas.
Un estudo.
Dous movementos das sonatas e partitas de Bach ou obras de violín sólo.
Un concerto con cadenza (1º con cadenza, ou 2º e 3º movementos).
Tres audicións técnicas co profesor e cos pertencentes ó mesmo departamento.
Unha audición pública.
Recital de fin de grao Profesional (mínimo 20 minutos).

(O repertorio pódese ver reducido en <u>número de obras</u> se xa cumpre os 20 min mínimos precisos para o recital)

1ª avaliación:
Escalas completas.
Un estudo. Unha obra. (Un deles de memoria).
Audición co profesorado.

2ª avaliación:
Escalas completas.
Dúas obras (unha delas de memoria).
Audición co profesorado.

3ª avaliación:
Escalas completas.
Concerto (1º movemento con cadenza ou 2º e 3º movementos)
Audición co profesorado.
Recital dunha duración mínima de 20 minutos.

13.4.3. Procedementos e ferramentas de avaliación:

Conceptos xerais:

O proceso de avaliación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionalos. É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo. No desenvolvemento de capacidades e habilidades musicais os procesos de precisión, calidade sonora, capacidade de comprensión formal e gusto pola interpretación ben feita van implícitas a valoración do propio traballo individual e o desenvolvemento da propia responsabilidade persoal.

Realizarase unha avaliación inicial ó principio do curso para planificar o traballo que debe realizar cada alumno/a. A avaliación será contínua durante todo o curso. O procedemento de avaliación contínua realizarase por un lado, nas clases semanais de aula. Para tal fin o profesorado da materia empregará un método de observación sistemática do alumnado, o cal permitirá un seguimento do seu progreso e destrezas. Tamén se incluirá neste proceso as clases colectivas, audicións, concertos, e probas técnicas específicas que teñan lugar durante o curso.

O mesmo profesorado tamén deberá realizar unha autoavaliación do seu traballo segundo os progresos que teñan os seus alumnos/as, e o seu grao de motivación.

13.4.4. Criterios de cualificación:

Valoraranse as seguintes cuestións técnicas:

Control da posición do instrumento.
Control do ritmo e medida das figuras.
Grao de dificultade do repertorio.
Afinación e calidade do son.
Claridade na dixitación.
Control das articulacións e golpes de arco.
Control da memoria.

Valoraranse as seguintes cuestións interpretativas:
Calidade do son.
Respeto ós estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras.
Capacidade da realización das diferentes dinámicas
Capacidade iterpretativa e de adaptación na práctica musical de grupo.

Para a cuantificación empregarase o seguinte baremo:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Traballo na casa e na aula 20%
Memoria 10%

Na ponderación a nota final, será unha media aritmética das tres avaliacións (convocatoria ordinaria).

13.5. Medidas de recuperación:

Plans de traballo para a superación de materias pendentes: o profesorado valorará a idoneidade das seguintes medidas:

1. Programación de tarefas de carácter individual para o reforzamento dos puntos débiles de cada alumno/a.
2. Adaptación das U. D. específicas aos requirimentos dos alumnos con problemas concretos.
3. Realización de actividades complementarias de reforzo como : clases de reforzo fora do horario individual de ser posible, visionado de grabacións do estudo na casa para a súa corrección, programación da practica semanal baixo supervisión do seus pais/nais ou titores/as.

13.5.1. Procedementos de recuperación ordinarios:

Tratándose de ensino con avialiación contínua, o alumnado poderá recuperar cada avaliación acadando os contidos mínimos establecidos nesta programación para a seguinte avaliación.

13.5.2. Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible:

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación contínua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito contínuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre. A proba consistirá na interpretación co violín de, alomenos, as escalas, estudos e pezas/obras indicadas nos contidos mínimos trimestrais establecidos para cada curso na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de repertorio indicado polo profesorado.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os propios do curso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa):

Para superar as probas de cada curso, o alumnado deberá superar os contidos mínimos esixibles establecidos na presente programación, seguindo as indicacións da proposta de actividades de recuperación presentes no informe de avaliación negativa que lle será entregado polo profesorado trala avaliación ordinaria.

13.6. Recursos didácticos:

Técnica:

- Sistema de escalas, Grigorian
- Sistema de escalas, A.Toledo
- O sistema de escalas, C.Flesch
- Contemporary violin tecnique, I.Galamian
- Vartan Manoogian :

  . estudo de terceiras, estudo de sextas, estudo dos modos.

Métodos e Estudos:

- 42 estudos (35, 38, 39, 40, 41, 42), Kreutzer
- 36 estudos, Fiorillo
- 24 estudos, Gavinies
- Estudos, op 35, Dont
- Estudos, op 16, Vieuxtemps
- 25 caprichos (el arte del violín), Locatelli
- 24 caprichos, op 1, Paganini
- 8 Caprichos (2 vl) op 18, Wieniawski
- Caprichos, Rode
- Estudos brillantes, op 36, Mazas
- Orchestral excerpts, J.Gingold

Outros de similar dificultade…

Pezas:

Repertorio barroco:

- Chacona (rev. Leopold Charlier), Vitali
- Outono e inverno (4 estacións), Vivaldi
- Amusement, L.G.Guillemain
- Sonata: el trino del diablo, Tartini
- Pasacaglia, H. I. V. Biber
- 8 sonatas, Biber
- Sonatas e partitas, Bach

Repertorio clásico:

- Rondó en Do M, Mozart
- Sonatas, Mozart
- Concertos 3 e 5, Mozart
- Concerto Do M (Hob VIIª:I), Haydn
- Concerto nº22, en La m, Viotti

Repertorio romántico:

- Romanzas en Sol M, Beethoven
- Sonata en Fa, op 8, nº1, E. Grieg
- Habanera, Saint-Saens
- Serenade Melancolique, op.26, Tchaikovsky
- Polonesa Brillante Re M, op 4 e Polonesa Brillante La M, op 21, Wieniavski
- Scherzo: Tarantelle, Lenda, Wieniavski
- Preludio e allego in estilo de Pugnani, Kreisler
- Tambourin chinoise, Kreisler
- Recitativo e scherzo, Kreisler
- Caprice viennois, Kreisler
- Moto perpetuo, Novacek
- Poeme elegiaque, Op. 12, Eugene Ysaye
- 6 sonatas, Eugene Ysaye
- Preludios, fugas e sonatas, Max Reger
- Scherzo da sonata F.A.E., Sonatas (1-3), Brahms
- Sonatas (1-10), Beethoven
- Romanza en Sol, Beethoven
- Sonatas para violín e piano, Schumann
- Escena de ballet nº2, op 100, Beriot
- Lenda op 17, Wieniawski
- Concerto nº2, op 22, Wieniawski
- Concerto nº3 , Saint-Saens
- Concerto en Mi m, op 64, Mendelssohn
- Concerto nº1 en Sol m,op.26, Max Bruch

- Concerto nº2 ,e nº8 op 47, L.Spohr
- Concerto nº4, op 31, Vieuxtemps
- Concerto nº7, Beriot

Repertorio século XX e español:

- Danzas Rumanas, Béla Bartok
- Malagueña, op 21 / Romanza andaluza, op 22 / Introducción y Tarantela / Zapateado, Sarasate
- Sinfonía española, Lalo
- Suite popular española / Danza de "La vida breve", Falla
- Pezas varias, Quiroga
- Fantasía para violín e orquestra, Andrés Gaos
- Pampeana nº1, Ginastera
- Tema y Variaciones, Messiaen
- Sonata, E. Granados
- Sonatas nº1 e nº2, Gabriel Fauré
- Sonata para violín sólo, op 115, Prokofiev
- Suite nº1, E.Bloch
- Concierto op 14, Barber
- Outras de similar dificultade…

Todo o alumnado que remate o Grao Profesional deberá facer obrigatoriamente un RECITAL DE FIN DE GRAO, organizado polo Equipo Directivo antes de rematar o curso académico. Dito recital será condición indispensable para aprobar o curso.

O alumnado deberá levar pianista acompañante nas obras que así o precisen e a duración do recital deberá ser duns 20 minutos mínimo, tocando polo menos unha das obras de memoria.

As obras deben ser acorde ao nivel esixido, (dous últimos cursos do grao profesional), e a poder ser de diferentes estilos.

---

14. PREMIOS FIN DE GRAO PROFESIONAL

O alumnado deberá ter para optar ó premio de fin de grao, unha cualificación media mínima dun **8** no **6º curso de profesional**.

O alumnado deberá tocar un mínimo de **20 minutos**, e non menos de **dúas obras** que deberán ser de **diferentes estilos**. O alumnado deberá traer o/a seu propio pianista para as obras que precisen acompañamento de piano.

Deberá interpretar como mínimo **unha das obras presentadas de memoria**, as cales deberán ter o nivel exisido para dita proba, que é o correspondente ós **dous últimos cursos do Grao Profesional**.

O alumnado deberá proporcionar **unha copia de cada una das obras elixidas** no momento da prescripción. O tribunal reservase o **dereito de rexeitar alguna das obras** se considera que non se axusta ó nivel esixido.

Para a concesión do premio de fin de grao será necesario que o alumno/a acade unha cualificación mínima dun 9 .

14.1. Criterios de avaliación do premio de fin de Grao Profesional:

Para a cuantificación da nota o tribunal empregará os seguintes criterios de cuantificación:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

15. Metodoloxía:

No Grao Elemental distribuirase o tempo nunha clase individual (que poderá ser de 1 h. de duración ou de 2 clases de media hora) e outra colectiva á semana de carácter voluntario sempre e cando o profesorado dispoña de tempo para impartila.

Os métodos de iniciación serán axeitados á idade dos alumnos/as. Para os/as máis pequenos utilizaranse métodos pedagóxicos como os de Paul Rolland, Shinichi Suzuki, Sheila Nelson, Géza Szilvay e outros autores especializados no nivel de iniciación. A motivación nestes niveis será un elemento fundamental para estimular ó alumnado ó estudo do instrumento, procurando conseguir unha técnica básica baseada na naturalidade do movemento e o equilibrio corporal.

As clases individuais aproveitaranse para progresar no estudo do programa do curso e para adquirir novos coñecementos técnicos e musicais, e as clases colectivas poden usarse en múltiples actividades como tocar en grupo, aprender novos procedementos técnicos, afinación, improvisación e memorización, así como escoitar música, comparar versión diferentes, coñecer estilos, compositores/as e intérpretes, facer pequenas audicións, etc…

Dentro do programa do curso estará previsto realizar audicións individuais e colectivas e concertos públicos, incluíndo tamén a participación en grupos xunto a outros instrumentos.

No Grao Profesional o tempo sempre se distribuirá nunha clase dunha hora semanal. A clase colectiva desaparece véndose substituída pola clase de Conxunto, Orquestra e Música de Cámara.. Procurarase crear grupos que permitan ós alumnos/as coñecer pouco a pouco este tipo de repertorio.

Os métodos de estudo e a metodoloxía de ensino serán acordes co nivel de madurez do alumnado, adaptarase continuamente ó seu progreso. Afondarase no nivel de corrección técnica mediante estudos e exercicios (Kayser, Wolhfahrt, Kreutzer, Sevcik, Schradieck, etc…), e no nivel expresivo, na sonoridade, na afinación e o coñecemento do estilo, con obras de envergadura e interese crecente.

16. Atención á diversidade:

O tema das necesidades educativas especiais ou específicas é un ámbito difícil de abordar no ensino nos conservatorios. Debido ao carácter voluntario de este tipo de especialidades, e ó seu carácter orientado cara a profesionalización, a atención aos alumnos/as con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe queda un tanto condicionada. É importante aclarar que segundo a lexislación educativa galega, cada alumno/a é diferente e precisa dunha atención individualizada, e por eso non podemos pretender que todos aprendan igual, polo que é necesario facer uso dunha diversificación metodolóxica.

Nembargantes, se facemos unha aproximación máis concreta ao concepto, hai alumnos/as que requiren unha atención máis específica ou especializada para lograr os mesmos obxectivos que os demáis.
Trátase de aqueles que por diferentes razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de evolucionar cara á autonomía persoal e á integración social cós medios dos que dispoñemos habitualmente e que requiren determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conducta

Realizar unha clasificación das necesidades educativas especiais é moi complexo debido á amplitude do ámbito que queremos delimitar. Unha posible clasificación sería a que se centra nas causas de esas necesidades e na súa localización:

- Dificultades de aprendizaxe (dislexias, dislalias)
- Dificultades de adaptación social (debidos a inmigración, diferencias sociais, culturais ou a problemas económicos)
- Dificultades debidas a desordenes de personalidade (algún tipo de trastorno mental tratable como a esquizofrenia)
- Dificultades debidas a una deficiencia física (minusvalías físicas)
- Deficiencias debidas un déficit ou superdotación intelectual.

En canto ó do violín e á súa relación coas necesidades específicas, é evidente que no noso exercicio diario como profesores/as deberemos adaptarnos ás condicións específicas de cada alumno/a có fin de dar unha resposta educativa máis adecuada ás súas necesidades. Por esta razón, as Unidades Didácticas previstas poderán adaptarse ás situacións concretas segundo o consideremos oportuno.

Do mesmo xeito podería ser necesario retomar ou prolongar o traballo dalgún aspecto determinado: O profesorado terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoas ata a súa correcta asimilación ou ven desenvolver outras novas en función da necesaria adaptación ó alumnado ó que se dirixe en concreto.

Un elemento fundamental na determinación e na orientación das medidas de adaptación reside na *acción titorial*, unha ferramenta fundamental de coñecemento dos alumnos/as, coa que poderemos obter información determinante sobre os seus problemas, xa sexa a través dos país/nais ou dos nosos/as compañeiros de claustro.

A solución de moitos dos problemas musicais deben ser abordados en colaboración con outros profesores/as implicados na súa formación polo que é necesario manter unha comunicación constante cos nosos colegas e buscar solucións conxuntamente. De este xeito tamén poden obterse datos relevantes que permitan reorientar a actividade formativa e practica-las adaptacións que sexan necesarias.

16.1. Atención ó alumnado con rasgos de diversidade.

A Programación Didáctica debe recoller medidas didácticas para atender os intereses ou aptitudes dos alumnos/as. Estas medidas poderanse adaptar unha vez coñecidos o alumnado ao comezo do curso. Nembargantes podemos establecer unha tipoloxía xenérica do alumnado, atendendo a tres criterios específicos*:*

1°. Según a súa diferencia de nivel musical:

a) Alumnado avanzado: o alumnado dotado dunhas capacidades por encima do previsto para o seu nivel, capaz de atopar solucións técnicas para os seus problemas co instrumento, e de progresar técnica e musicalmente a gran velocidade e que é capaz de emprender tarefas máis difíciles do común para a súa idade sen facer un gran esforzo. Neste grupo podemos atopar alumnado de alta capacidade intelectual ou superdotación, para os que se podería flexibilizar a duración das etapas da súa formación ou que poderían requerir atención diferenciada por parte das administracións educativas por medio de programas específicos.

b) Alumnado intermedio*:* aquel que asimila con corrección os contidos programados para o seu nivel e que supera os novos obstáculos na súa aprendizaxe real facendo o esforzo considerado normal. Este é o tipo de alumnado co que nos atoparemos no conservatorio habitualmente.

c) Alumnado que presenta dificultade e nivel baixo: aquel que disocia os contidos técnicos e creativos, e que asimila os contidos a un ritmo menor do previsto. Neste grupo podemos atopar alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, ou que por distintas razóns se incorporaron tardíamente ó sistema educativo, debido á emigración ou problemas sociais. Tamén podemos atopar alumnado con dificultades co idioma. Todos eles poden necesitar programas específicos de axuda ou clases de reforzo, e en algúns casos atención de profesionáis especializados.

2°. En función da súa diferente actitude e interese cara os estudos e formación musical:

a) Alumnado motivado: presenta unha actitude positiva cara ó aprendizaxe, non precisando dunha motivación especial para conseguir un ritmo adecuado de traballo na clase e na casa. Son alumnos/as que rematan ó grao elemental e acostuman a superar con éxito o acceso ó grao profesional. A súa paixón pola música e polo instrumento sérvelles dabondo para manter vivos o seu interese e a súa capacidade de superación.

b) Alumnado con interese e actitude baixa: considera a súa asistencia ás clases como una actividade máis de tipo extraescolar. No caso de atoparse con este tipo de alumnos/ as, que non adoitan ser infrecuentes, o profesorado deberá esforzarse en cambia- la súa actitude tanto do alumno/a como da familia, e facerlles entender a importancia da educación musical na formación integral das persoas e facerlles ver que ó decidir aprender a tocar un instrumento adquiren un certo compromiso que deben intentar cumprir. Na maioría das ocasións esta actitude débese a unha gran falta de información e descoñecemento por parte das familias froito da pobre herdanza musical do noso país.

3° Segundo a súa necesidade de adaptación debido ás súas condicións físicas:

a) Alumnado medio: non presenta ningunha disfunción de tipo físico-psíquico.

b) Alumnado que pode presentar particularidades ou disfuncións físicas: entre os que podemos atopar alumnos/as con unha deficiencia física (xordeira, visión escasa ou nula, problemas de accesibilidade ó aula ou ó centro debido a algún tipo de minusvalía, etc.).

Con este tipo de alumnos/as no só debemos ter un tacto especial e ser todo o flexibles que sexa necesario, senón que teremos que adapta-lo material empregado e quizais atopar axuda e información a través de profesionais especializados. Tamén deberemos intentar que non se sintan diferentes ante os/as seus compañeiros/as que adoitan comportarse con un gran respecto cando son debidamente informados.

Medidas de atención á diversidade:

A maioría das dificultades máis habituais coas que os profesores/as de violín se atopan teñen moito que ver con cuestións especificamente relacionadas có aprendizaxe do instrumento e con materias afíns. Para evitar males maiores no futuro é moi importante facer un diagnóstico precoz e deste xeito buscar canto antes as solucións.

Algunhas das dificultades máis habituais coas que o profesorado de violín pode atoparse e que necesitarán atención específica son:

a) Incapacidade para distinguir auditivamente os fenómenos sonoros. Este problema non debería en absoluto estar presente en alumnos/as que pretenden tocar un instrumento como o violín, pero non é infrecuente. Na maioría dos casos non se debe a un "irremediable mal oído", senón á falla dun bo entrenamento auditivo dende unha idade temperá. Para a súa solución necesitaremos a colaboración dos profesores/as de linguaxe musical e educación vogal e auditiva para que reforcen este punto débil e debemos pedir ó alumnado que se afaga a cantar todo canto poida. Tamén deberemos proporcionarlle axuda para traballar na casa (existen moitos CD publicados que poden mellorar o entrenamento auditivo do alumnado).

b) Problemas físicos derivados dunha colocación incorrecta do instrumento ou enfermedades ocasionadas por problemas relacionados coa práctica do instrumento (tendinitis, tensións posturais etc.)... Este tipo de problemas deben ser tomados moi en serio. En gran parte dos casos débense a unha mala práctica, non só ó exceso dela. E importante observar con detenimento ó alumno/a e recomendarlle un xeito adecuado de practicar e en casos extremos recomendar axuda médica. Existen estatísticas fiables que afirman que cerca dun 70% dos músicos profesionáis de orquestra sofren dalgún tipo de enfermidade relacionada co seu traballo e na maioría dos casos isto débese a malos hábitos adquiridos no seu tempo de estudantes.

c) Conceptos mal asimilados que dificultan o avance do alumnado. Non é infrecuente atoparse con alumnos/as que demostran non ter asimilado algúns dos contidos que debían aprender no pasado, sendo estes imprescindibles para seguir progresando. O máis habitual son problemas coa lectura e o ritmo ou cuestións de teoría da música que serán imprescindibles para interpretar as partituras de violín.

Tamén podemos atoparnos con alumnos/as con problemas técnicos graves que lles impiden aprender conceptos máis avanzados. O mellor nestes casos será atallar as dificultades mediante clases de reforzo, incluso é aconsellable durante certo tempo baixar o nivel do repertorio do alumnado para non causarlle máis dano, e buscar tamén un traballo equilibrado que non mine a súa moral.

Durante as sesións podemos encontrarnos ante a necesidade de manter un ritmo de aprendizaxe homoxéneo entre todos os alumnos/as dun mesmo curso, de modo que un rendemento desigual dalgún deles cree certas diferencias cos seus compañeiros/as, que serán máis evidentes nas audicións de alumnos/as e nas clases colectivas.

Non por eso debemos de deixar de prestarlles atención e apoialos para que superen ás súas dificultades. Tampouco debemos deixar que un alumno/a destacado monopolice o noso interese e nos faga deixar de lado ós que son "máis torpes ou difíciles". Debemos saber atopar fórmulas de adaptación, distribuír as tarefas de forma individualizada para cada alumno/a e tamén fomentar que os alumnos/as cooperen entre eles. Existen poucas cousas máis útiles que un alumno/a axudando a outro compañeiro con dificultades: o que a nós pode levarnos semanas eles poden resolvelo nuns días de colaboración entre amigos.

17. Temas transversais:

17.1. Educación en valores

O desenvolvemento integral do alumnado, que non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos/as para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade presenta. Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais. A forma na que tratamos ditos temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

Educación para a paz. Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

Educación moral e cívica. Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas. O respecto pola autonomía dos demáis.

Educación para a igualdade entre os sexos. Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade. Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc…

Educación para a saúde. Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.

Educación para o consumidor. Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.
Dende a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación do alumnado e fomentan actitudes de convivencia. Ademáis, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (O uso adecuado do corpo a hora de tocar o violín precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia.

Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados con a educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns... e que efecto pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido, etc…

18. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

As TIC enténdense como aquelas ferramentas basadas na tecnoloxía dixital que permiten almacenar, procesar, recuperar, transmitir e presentar información. Inclúen as aplicaciones utilizadas polos ordenadores para facilitar e xestionar información (software, bases de datos, multimedia, etc.), así como as novas tecnoloxías de Internet. Por outro lado, enténdese por material dixital o software, programas ou aplicaciones utilizadas polos ordenadores para facilitar e xestionar información.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

Medios Audiovisuais:

- Equipo audiovisual do Centro: Visionado e análise comentada cos alumnos/as de vídeos de audicións e actividades do centro, concertos, documentais de interese, etc... por medio da televisión do centro e das carpetas para carga de arquivos, habilitadas na sala de profesores e en diferentes aulas.

- Servidor do centro: creación dun arquivo do departamento, de vídeos e fotografías, nas carpetas habilitadas para o profesorado na Sala de profesores e en rede co servidor do centro, para o seu posterior visionado nas clases, e como arquivo histórico do departamento e do Conservatorio.

Medios en internet:

- Utilización de webs como Youtube, Vimeo, etc., para visualización de videos e concertos de obras incluídas na programación.
- Utilización de webs de partituras gratuitas e libres de dereitos como Imslp.org.
- Utilización de programas de audio como Goear.

Programas informáticos:

- De edición de partituras, como Finale, Sibelius, Encore, etc...
- De audio, como Spotify.

Medios para a comunicación:

- A web do Conservatorio e as súas redes sociais para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc...

- Programas de Menxasería tipo Tokapp School ou e-mail para a comunicacións e organización entre o profesorado da materia.

19. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas:

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ó ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro (auditorio, aulas de audiovisuais ou de informática) ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de violín, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo. Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse co proceso xeneral de aprendizaxe e resposta a unha adecuada planificación.

Clasificación das actividades:

Organizadas polo Departamento de Corda, aula de violín:

Audicións de alumnos/as dos distintos profesores/as do departamento seguidas de análisis das mesmas, tanto por parte do profesorado coma do alumnado. Fomentarase a crítica constructiva e evitaranse comentarios de mal gusto. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros das virtudes dos alumnos/as e ó mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre os profesores/as do departamento para compartir ideas e aportar solucións conxuntas os problemas que tiveron os alumnos/as nas súas actuacións…

Asistencia á aula de audiovisuais con grupos de alumnos/as para ver vídeos dos grandes intérpretes da historia do violín dos que existen publicados en formatos modernos. Ao rematar haberá una charla coloquio sobre as impresións do alumnado na experiencia, sobre as súas técnicas instrumentais e sobre as súas personalidades interpretativas. Celebración de conferencias sobre os grandes violinistas da historia ou compositores/as que aportaran as súas creacións ó repertorio violinístico tanto do pasado como do presente. Estas poden ser a cargo de profesores/as ou incluso de alumnos/as que estean interesados en asumir esa responsabilidade.

Reunións informais entre os profesores/as do seminario de corda, más alá das las habituais para intercambiar ideas pedagóxicas, dubidas sobre alumnos/as problemáticos/as ou intercambio de materiais e deste este xeito colaborar en equipo para logra- la solución dos problemas dos alumnos/as.

Organización de cursiños de violín con profesores/as de recoñecido prestixio ou recomendación ó alumnado da asistencia ós mesmos, que aportarán novas ideas e poderán aconsellarnos sobre a evolución dos nosos alumnos/as.

En colaboración con outros departamentos:

Colaboración coa Orquestra do Conservatorio ou con grupos de cámara para que os nosos alumnos/as, aínda que non cursen esas materias, poidan ocasionalmente tocar algunha obra con eles. Este tipo de actividades son moi motivadoras para o alumnado.

Co Departamento de Fundamentos de composición. Podemos solicitar aos profesores/as que os seus alumnos/as compoñan algunha obra de nivel sinxelo para os alumnos/as de elemental ou para a clase colectiva. Deste xeito o alumnado de composición verán estreadas as súas obras e os/as de violín sentiranse entusiasmados/as por poder interpretar obras expresamente pensadas para eles.

Organizadas polo Conservatorio:

Exposicións e Concertos.
Intercambios con outros conservatorios.
Participación en actos académicos.

Organizadas por institucións externas ó centro:

Asistencia a concertos.
Asistencia a conferencias de institucións que teñan unha relación transversal coa música.

20. PROBAS DE ACCESO:

PROBAS DE ACCESO NO GRAO ELEMENTAL

A parte das probas de acceso aos 2º, 3º e 4º cursos dos ensinos elementais de música consistirá na interpretación de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte (debe consultarse o listado de obras orientativas do curso inmediatamente anterior ao que se presente reflectido na presente programación). O Tribunal poderá aceptar a interpretación de movementos de obras nos casos de gran duración ou dificultade do repertorio. Será necesaria unha cualificación numérica de 5 puntos sobre 10 para considerar superado o exercicio correspondente.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Para a cuantificación da nota o tribunal empregará os seguintes criterios de cuantificación:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Primeira vista 20%
Memoria 10%

ACCESO A 2º DO GRAO ELEMENTAL

- Dúas obras de diferentes características dentro do nivel esixido. Unha obra a 1ª vista elixido polo tribunal.

ACCESO A 3º DO GRAO ELEMENTAL

- Dúas obras de diferentes características dentro do nivel esixido. Unha obra a 1ª vista elixido polo tribunal.

ACCESO A 4º DO GRAO ELEMENTAL

- Dúas obras de diferentes características dentro do nivel esixido. Unha obra a 1ª vista elixido polo tribunal.

NOTA:
O acompañamento das obras que así o requiran, correrá a conta do alumno/a. As obras de referencia a presentar nas probas de acceso serán as correspondentes ó curso que o alumno/a pretende superar, e que se atopan expostas nesta programación, ou outras de similar dificultade. Unha das obras deberá ser interpretada de memoria.

PROBAS DE ACCESO NO GRAO PROFESIONAL

A parte das probas de acceso aos 2º, 3º, 4º, 5º e 6º cursos dos ensinos profesionais de música consistirá da interpretación co violín de tres obras de distintos estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria (debe consultarse o listado de obras orientativas do curso inmediatamente anterior ao que se presente reflectido na presente programación). O Tribunal poderá aceptar a interpretación de movementos de obras nos casos de gran duración ou dificultade do repertorio. Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre dez.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música. Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Para a cuantificación da nota o tribunal empregará os seguintes criterios de cuantificación:

Donimio técnico e postura corporal 30%
Interpretación e musicalidade 40%
Precisión rítmica 20%
Memoria 10%

ACCESO A 2º DO GRAO PROFESIONAL
- Dúas obras de diferentes estilos. O 1º ou 2º e 3º movementos dun concerto apropiado ó nivel.

ACCESO A 3º DO GRAO PROFESIONAL
- Dúas obras de diferentes estilos. O 1º ou 2º e 3º movementos dun concerto apropiado ó nivel.

ACCESO A 4º DO GRAO PROFESIONAL
- Unha obra de libre elección dentro do nivel do curso a superar. Dous movementos dunha fantasía de Telemann ou Partita de Bach. O 1º ou 2º e 3º movementos dun concerto apropiado ó nivel.

ACCESO A 5º DO GRAO PROFESIONAL
- Unha obra de libre elección dentro do nivel do curso a superar. Dous movementos dunha Sonata ou Partita de Bach. O 1º movemento con Cadenza, ou 2º e 3º movementos dun concerto apropiado ó nivel.

ACCESO A 6º DO GRAO PROFESIONAL
- Unha obra de libre elección dentro do nivel do curso a superar. Dous movementos dunha Sonata ou Partita de Bach. O 1º movemento con Cadenza, ou 2º e 3º movementos dun concerto apropiado ó nivel.

NOTA:

O acompañamento das obras que así o requiran, correrá a conta do alumno/ a. As obras de referencia a presentar nas probas de acceso serán as correspondentes ó curso que o alumno/a pretende superar, e que se atopan expostas nesta programación, ou outras de similar dificultade. Unha das obras deberá ser interpretada de memoria.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA:

Con carácter excepcional, e de acordo co establecido na lexislación vixente, poderá solicitarse a ampliación de matrícula ao curso seguinte. Para isto seguirase o seguinte procedemento:

- A solicitude de ampliación de matricula a outro curso académico deberá ser **solicitada pola persoa interesada** (no caso de maiores de idade, no caso de menores deberá ser solicitada polos titores legais) a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira antes do 15 de novembro do curso académico correspondente.

- A **comisión de avaliación** (formada polo profesorado que lle imparte materias ao interesado/a) deberá avaliar mediante un **exame** por cada unha das asignatura do curso no que estea matriculado. Este exame terá lugar **antes de que comece o 2º trimestre do curso**.

- A comisión emitirá un informe que **será favorable** se o/a solicitante acada unha **nota mínima dun 9 en cada un dos mencionados exames**.

- O **Consello Escolar,** á vista dos informes da comisión de avaliación **decidirá sobre a ampliación ou non** do alumnado proposto

ANEXOS:

RÚBRICA DA AVALIACIÓN ORDINARIA:

AVALIACIÓN ORDINARIA	Puntuacións:								
Grao elemental e profesional	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Posición e técnica 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación e musicalidade 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Traballo individual 20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Memoria 10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1
Total									

RÚBRICA DA <u>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</u>:

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	Puntuacións:								
Grao elemental e profesional	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Posición e técnica 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación e musicalidade 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Precisión rítmica 20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Memoria 10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1
Total									

RÚBRICA DAS PROBAS DE ACCESO AO GRAO ELEMENTAL (2º, 3º E 4º):

PROBAS DE ACCESO	Puntuacións:								
Grao elemental	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Posición e técnica 30%	0	0,6	1,2	**1,5**	1,8	2,1	2,4	2,7	**3**
Interpretación e musicalidade 40%	0	0,8	1,6	**2**	2,4	2,8	3,2	3,6	**4**
1ª Vista 20%	0	0,4	0,6	**1**	1,2	1,4	1,6	1,8	**2**
Memoria 10%	0	0,2	0,4	**0,5**	0,6	0,7	0,8	0,9	**1**
Total									

RÚBRICA DAS PROBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL:

PROBAS DE ACCESO	Puntuacións:								
Grao Profesional	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Posicición e técnica 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación e musicalidade 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Precisión rítmica 20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Memoria 10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1
Total									

RÚBRICA DOS PREMIOS DE FIN DE GRAO:

PREMIOS DE FIN DE GRAO PROFESIONAL	Puntuacións:								
	0	2	4	5	6	7	8	9	10
Posición e técnica 30%	0	0,6	1,2	1,5	1,8	2,1	2,4	2,7	3
Interpretación e musicalidade 40%	0	0,8	1,6	2	2,4	2,8	3,2	3,6	4
Precisión rítmica 20%	0	0,4	0,6	1	1,2	1,4	1,6	1,8	2
Memoria 10%	0	0,2	0,4	0,5	0,6	0,7	0,8	0,9	1
Total									